

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de abril de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTE:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de abril de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(288).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de abril de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(289).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE. 43123/511.

Dáse conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda do 22.03.13, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2011)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 22 de marzo de 2013 e Informe da Intervención Xeral da mesma data.

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2013 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-41442-VE, polo importe total de 15.383.172,57 euros (Quince millóns trescentos oitenta e tres mil cento setenta e dous euros con cincuenta e sete céntimos), correspondentes a un total de 176.201 vehículos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 905 vehículos de titularidade de discapacitados que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2013 na columna B.FISC e cota 0".

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 1.195 vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2013 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 21 vehículos eléctricos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2013 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 19 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2013 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4 e 5 anteriores consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpetita cidadá" da web do Concello.

6.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

7.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(290).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO EXCMO. ALCALDE SOBRE MODIFICACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ASISTENCIA XURÍDICA E TÉCNICA ENCOMENDADAS AO SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL.

Dáse conta da Resolución do Excmo. Alcalde, do 20.03.13, que di o seguinte:

Por Resolución de 19 de setembro de 2011 procedeuse á atribución de funcións ao titular do posto de Secretario de Administración Municipal. Téndose producido diversas reorganizacións administrativas na área de Benestar Social así como detectado a necesidade de articular fórmulas permanentes de asesoramento naquelas áreas nas que non consta adscrito Técnico de Administración Xeral para responsabilizarse de dita función, parece conveniente redefinir as áreas incluídas nas funcións de asesoramento do Secretario de Administración Municipal.

Tal e como se recollía na Resolución citada dende un punto de vista da eficacia e eficiencia administrativa e dentro do marco actual de austeridade e contención do gasto público resulta conveniente pois optimizar os recursos cos que conta esta administración municipal maximizando o contido das funcións a desenvolver polos postos de especial cualificación técnica polo que en execución das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO

Primeiro.- Modificar a Resolución de 19 de setembro no referente ás funcións de asistencia xurídica e técnica, encomendando ao Secretario da Administración Municipal as seguintes funcións:

- a) A asistencia xurídica e técnica aos titulares das citadas Áreas de Goberno, sen perxuízo das competencias atribuídas á Asesoría Xurídica.*
- b) Colaboración na elaboración de proxectos de disposicións, acordos e convenios.*

En relación coas áreas e servizos municipais que se sinalan a continuación:

- *Cultura, Festas e Turismo*
- *Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado*
- *Comercio*
- *Xuventude*
- *Deportes*
- *Normalización Lingüística e Igualdade*
- *Educación*
- *Administración Electrónica*

Deixando sin efecto, polo tanto, a atribución das funcións de asesoramento á área de Políticas do Benestar.

Segundo.- Para o desenvolvemento de ditas funcións os órganos e servizos municipais deberán prestar a colaboración necesaria que sexa requerida.

Terceiro.- Notificar a presente ao Secretario de Administración Municipal, aos Xefes das Áreas recollidas no punto primeiro 1 da presente e aos Concelleiros responsables das mesmas.

Cuarto Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre, ordeando a súa publicación na intranet municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(291).- DAR CONTA DE SENTENCIAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 281/2012 P.A. Demandante: GENERALI, S.A e outro. Obxecto: Desestimación “presunta”. Reclamación patrimonial, accidente automóbil 9-10-2010 en Beiramar (Expte.: 3393/243). Declara rematado o procedemento (por satisfacción extraprocesual entre os actores e a concesionaria).

b) Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 87/2010 P.O. Demandante: FRUTAS NIEVES, S.L. Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo do 26-8-2008 e 20-8-2009. Liquidación taxa lixo 2008/2009, e indirecto art. 5 da O.F nº 16 (Expte.: 1900/550, 931/550). Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (anulación, novas liquidacións e compensación do 13-12-2012).

c) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 345/12 P.A. Demandante: D. LUIS FRAIZ CASANOVA. Obxecto: Resolución do 24-10-2012 (en reposición). Sanción de tráfico (Expte.: 128658008) Estima parcialmente o recurso reducindo a sanción a 50 €.

d) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 36/2011 P.O. Demandante: D^a MARÍA FRANCO REAL. Obxecto: Resolución do 11-4-2011 (en reposición). Reclamación patrimonial, caída o 9-8-2009 (Expte.: 2505/243). Desestimado o recurso.

e) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 4/2013 P.A. Demandante: D. JAIME C. SANJUÁS FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 22-10-2012: EP e imputación ao contratista. Reclamación patrimonial, caída na vía pública o 1-2-2010 (obras na vía pública). Desestimado o recurso.

f) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 145/2011 P.O. Demandante: D^a ANA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. Obxecto: Resolución do 28-6-2011. Reclamación patrimonial por caída na vía pública o 10-6-2009, rúa en obras (Expte.: 2543/243). Desestimado o recurso.

g) Sentenza Xulgado de 1^a Instancia nº 10 de Vigo, Procedemento Ordinario nº 351/2012 (civil). Demandante: D. Modesto Comesaña Alonso e outro. Obxecto: Acción reivindicatoria. Sobre Ramal 3 do Camiño de Fontescura. Candeán (Expte.: 17327/240 e 17241/240). Estimada a demanda.

h) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 237/12 P.O. Demandante: D. JOSÉ M. BALADRÓN GROBAS. Obxecto: Resolución 26-4-2012. Reclamación patrimonial por accidente moto o 15-10-2009 (cartel na vía pública -Expte.: 3063/243) Desestimado o recurso.

i) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 13/2013 P.A. Demandante: HERTZ ESPAÑA, S.L. Obxecto: Sanción de tráfico, estacionamento en carga e descarga (Expte.: 118634512). Anulada a sanción, con custas de oficio.

k) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 18/2013 P.A. Demandante: D. ENRIQUE ÁLVAREZ SALGADO. Obxecto: Resolución do 31-5-2012, desestimatoria reclamación patrimonial (Expte.: 3742/243). Desestimado o recurso, con custas taxadas á actora.

l) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 17/2013 P.A. Demandante: GÉNESIS SEGUROS e outro. Obxecto: Resolución do 17.12.2012, reclamación patrimonial RP-A, accidente auto no túnel das Avenidas o 2.3.2011 (Expte.: 3502/243). Desestimado o recurso con custas taxadas á actora.

m) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 141/2009 p.o. Demandante: D. ALBERTO CARIDE GUISANDE. Obxecto: Resolución do 23/06/2009. Acometida de saneamento, servidume de acueducto (Expte.: 59016/250) Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(292).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 05/1699, 0544/14, 990/24, 12/414.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- María Suarez da Costa. Expte. 990/24.
- Eduardo Sotelo Seoane. Expte. 414/12.
- Carmen Rodríguez Salgado. Expte. 544/14.
- Marina Alonso González. Expte. 05/1699.

6(293).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE BONO-TAXI 2013 E PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ENTIDADE BANCARIA PARA A XESTIÓN DESTAS AXUDAS. EXPTE. 81095/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.03.13, o informe de fiscalización do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo, do 28.02.13, conformado polo xefe e a concelleira delegada da Área de

Política de Benestar e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar mediante a utilización de “bono-taxi” un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se concluírá polo Concello de Vigo cunha entidade bancaria para xestión das axudas.

3º.- Nomear a entidade Novagalicia Banco como entidade bancaria colaboradora na xestión das axudas para o ano 2013.

4º.-Autorizar o gasto de 2.000,00 € con cargo a partida de Política de Benestar 2310.2279900 “estudios e traballos técnicos” contra a que se imputarán os gastos de emisión e comisións de tarxetas Visa-prepago que se entregarán aos beneficiarios das subvencións e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á Técnica do Departamento responsable do programa Bono-taxi, Mª Jesús Sanromán Varela NIF 36.018668-R, que se ingresará na conta habilitada do Departamento nº 2080 5000 67 3110242616.

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2013, dado que a finalidade do mesmo é o abono a entidade colaboradora de emisión de tarxetas, podendo ser necesario a emisión de novas tarxetas, unha vez adxudicadas as subvencións (por extravío, roubo ou deterioro).

5º.-Autorizar o gasto de 25.000,00€ con cargo á partida de Política de Benestar 2310.4800011 “Subvencións taxi discapacitados” e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á Técnica do departamento de Benestar Social Mª Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080 5000 67 3110242616.

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2013, dado que a finalidade do mesmo é a xestión das axudas mediante tarxetas visa prepago, cargadas con 300.00€ cada unha dende a concesión da subvención ata a caducidade da tarxeta o 19 de decembro de 2013, momento no que se solicitan os saldos abandonados de cada tarxeta á entidade colaboradora, e procederase á xustificación do devandito libramento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE

TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- ANO 2013

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu artigo 25.2 k) expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais de reinserción social. Pola súa parte, o artigo 26.1 do mesmo texto legal establece que os municipios de mais de 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos sociais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizo de carácter integrado os que os constitúen na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

Que en base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica e no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras e da convocatoria

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas do programa denominado "bono-taxi" que son axudas económicas de carácter individual, que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade , que por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, ao obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións

Constitúen a finalidade das axudas económicas que se convocan, favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 25.000,00 € e financiaranse con cargo á partida 2310.4800011 "Subvención taxis discapacitados " do orzamento de Política de Benestar . Tendo en conta o crédito orzamentario do que se dispón, no momento da convocatoria, establécese en 83 o número máximo de beneficiarios, que reunindo as condicións da base sexta poderán percibir a subvención do "bono-taxi".

CUARTA.- Contía das subvencións

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre os beneficiarios/as

A contía máxima por beneficiario será de 300,00€ dende a concesión da subvención pola XGL, ata o 19 de decembro de 2013 (o día 20 xa non estará operativa a tarxeta).

Cando a tecnica responsable teña coñecemento antes do 1 de setembro do 2013 , de que un beneficiario, non vaia a facer uso da tarxeta (falecemento, irse a vivir fora do termo municipal, etc) e o saldo existente sexa superior a 100,00€ será adjudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

QUINTA.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas que se conceden ao amparo da presente convocatoria, as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas no artigo 10, apartados 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a subvención destinada a “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria do ano 2013 e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda.*
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.*
- c) Ter recoñecida a condición legal de minusválía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H)*
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.*
- e) Non dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais)*
- f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “bono-taxi”, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante.*

Para o cómputo dos recursos económicos , teranse en conta a renda persoal do solicitante do último exercicio fiscal:

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.*
- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda percápita e deberán aportar a declaración do IRPF das persoas das que depende.*

A renda percápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

- Rendementos do traballo
- Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- Rendementos das actividades económicas
- Outros rendementos que consten na declaración.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade. A solicitude segundo modelo (Anexo I) irá acompañada da seguinte documentación:

- *Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).*
- *Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.*
- *Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:*
 - *Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (Non ter pendentes de pagamento deudas tributarias co a AEAT, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social)*
 - *Non ser titular de vehículo automóbil propio .*
 - *Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.*
 - *Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal .*
- *Xustificación documental dos recursos económicos:*

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:

- *A última declaración da renda, autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).*
- *Fotocopia do certificado positivo ou negativo das prestación/s ou nominas que perciba.*

4.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante:

4.3) Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc) Neste caso calcularase a renda percápita familiar. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa

- 5) *Anexo II, - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas Bono taxi.*

O departamento poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria.(Anexo I)

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o servizo de “Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade” do Departamento de Política de Benestar , que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano instructor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder, desprendese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados.

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá o órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Política de Benestar, Xefa do Servizo e á Técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en quen deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira da convocatoria.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e de notificación

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Sen perxucio da publicidade que deste proceso se faga na paxina web Vigo.org e no 010.

DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade da actividade subvencionada

A subvención desta convocatoria, será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.

DECIMOSEGUNDA.- Pagos

- Pago ao beneficiario da subvención.

Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dende o momento da concesión pola Xunta de Goberno Local, ata o 19 de decembro de 2013.

Os pagos serán efectuados a través dunha Tarxeta Prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención.

DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.
- b) Cada beneficiario, contará cunha Tarxeta Prepago, na que se estamparán o seu nome e apelidos sen custo algún para o beneficiario.
- c) O importe máximo da subvención, 300.00 €, cargaranse na Tarxeta Prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Política de Benestar. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (L.O.P.D) para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) A persoas usuaria deberá asinar a tarxeta, e no momento do pagamento fixarse no importe que asina
- f) A Tarxeta Prepago para "bono-taxi" estará operativa ata o 19 de decembro de 2013 (día 20 inoperativa), procedendo a súa destrución por parte do usuario.
- g) A tarxeta entregarase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora á activación ás 72 horas dende a súa entrega polo Concello de Vigo, esta activación farase mediante sms non sendo necesario acudir a entidade bancaria.
- h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ao beneficiario pola entidade bancaria colaboradora mediante sms ao móbil que sinalou na súa solicitude, se non aportou

número de móbil a tarxeta activase igualmente pero o beneficiario non recibira o sms de activación.

- i) O número secreto de PIN comunicaráselle ao beneficiario da axuda a través de sms ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.
- j) Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da web <https://www.damemisaldo.com> ou na entidade bancaria colaboradora.
Para elo, será necesario dispor do PIN da tarxeta, que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade bancaria .
- k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902 121314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo.
- l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.
- m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagos con tarxeta prepago e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.
- n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.
- o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial "Taxis"; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

DECIMOCUARTA.- Réxime de recursos.

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interperse, potestativamente, os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.
- Alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso Administrativo no prazo de dous meses. Este prazo computarase a partir do día seguinte ao da notificación do acto que se recorra.

DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas, o serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Política de Benestar.

Os solicitantes das axudas serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Política de Benestar do tratamento dos seus datos persoais pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DECIMO SEXTA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE NOVAGALICIA BANCO E O CONCELLO DE VIGO

Na cidade de Vigo, a de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, D. Rubén Martínez Nieto, N.I.F. Núm. 36.111.453-G, en representación de NOVA-GALICIA BANCO C.I.F A-70302039, con domicilio para estes efectos na rúa Nova, 30-32 (15003-A Coruña).

MANIFESTAN

I.- Que o CONCELLO DE VIGO desexa dispoñer dun medio de pago para ser entregado a aqueles beneficiarios da axuda social Bono-Taxi, subvención de transporte destinada a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade. En concreto, desexa a emisión dunha tarxeta prepago, que teña as características que se indican no presente documento.

II.- Que NOVAGALICIA BANCO conta cunha gran experiencia en medios de pago en xeral, dispón dos sistemas necesarios para a súa xestión e desexa colaborar co CONCELLO DE VIGO no desenvolvemento deste proxecto.

III.- Que, en virtude do que antecede, considerando as competencias de ambas as partes así como o propósito exposto, acórdase subscribir o presente Convenio conforme ao indicado nas seguintes

CLÁUSULAS

1.- OBXECTO DA COLABORACIÓN

O obxecto do presente convenio consiste na emisión ,por parte NOVAGALICIA BANCO dunha tarxeta prepago da marca Visa (en adiante “tarxeta”) a favor das persoas físicas que indique en cada momento o concello de Vigo, para a súa utilización exclusivamente, no sector da actividade indicado na cláusula segunda.

Esta “tarxeta Visa Prepago” da NOVAGALICIA BANCO vincularase por parte de Concello de Vigo” á xestión de axuda “Bono-Taxi” polo referido concello.

NOVAGALICIA BANCO, está suxeita ás prescricións establecidas para esta entidade na lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 9/2007 de Subvencións de Galicia.

2.- DA TARXETA

NOVAGALICIA BANCO emitirá, a favor das persoas físicas que lle solicite en cada momento o CONCELLO DE VIGO, unha tarxeta prepago (en adiante, "a/s TARXETA/S").

A TARXETA emitida por NOVAGALICIA BANCO ao abeiro deste Convenio terá as seguintes características:

- Será unha TARXETA.
- Emitirase con data de caducidade "decembro de 2013" non sendo renovable ao seu vencemento.
- A TARXETA terá as comisións acordadas no presente documento.
- CONCELLO DE VIGO deberá asinar previamente o contrato referido ao tipo de TARXETA.
- A TARXETA poderase utilizar unicamente no Sector de Actividade de Categorías Comerciais 4121 "Taxis" non admitíndose a operatoria en calquera outro establecemento.
- A TARXETA tampouco poderá ser utilizada en caixeiros automáticos, nin será posible a retirada de efectivo en oficinas.
- As TARXETAS non entregadas por pasamento da persoas beneficiaria serán sen custo algún para o Concello.

3.- DESEÑO DA TARXETA

O deseño da TARXETA que emitirá NOVAGALICIA BANCO realizarase de común acordo polas partes, aceptando o CONCELLO DE VIGO as normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto NOVAGALICIA BANCO como as Redes e Organizacións internacionais de tarxetas, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras magnéticas en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, e outros condicionantes relativos a elas, co seguinte detalle:

- Anverso da TARXETA: O CONCELLO DE VIGO disporá do anverso da tarxeta (agás a esquina superior dereita) para situar o seu logotipo, coa cor e deseño que decida e debidamente rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas, previamente suxeito a aprobación e homologación por parte das Redes e Organizacións de tarxetas magnéticas. NOVAGALICIA BANCO disporá da esquina superior dereita do anverso da TARXETA, que destinará a situar aquelas marcas ou identificadores que estime convenientes ou sexan obrigatorias para identificar, dotar de servizos complementarios ou facilitar as operacións financeiras da TARXETA. No anverso gravarase ademais, a seguinte información: número da TARXETA, nome e apelidos do seu usuario (máximo 25 caracteres) e data de caducidade.
- Reverso da TARXETA: conterá, coa distribución que NOVAGALICIA BANCO estime máis axeitada para optimizar o espazo e cumprir cos estándares actuais, a seguinte información: banda magnética e os códigos ou claves identificadoras que en cada caso procedan.

NOVAGALICIA BANCO e o CONCELLO DE VIGO poderán establecer de común acordo unha denominación específica para a TARXETA, inserindo esta denominación nela.

NOVAGALICIA BANCO responsabilizarase da emisión física, estampación, gravación e en xeral de todos os procesos necesarios para a xestión das TARXETAS, que terán as características detalladas precedentemente.

4.- PROCEDEMENTOS OPERATIVOS

4.1. *Contratación da TARXETA.* A contratación dunha tarxeta prepago por parte do CONCELLO DE VIGO supón a apertura dunha conta prepago, inaccesible agás a través da tarxeta e que unicamente serve para recibir os ingresos que se desexe aplicar á tarxeta e atender os cargos correspondentes ás operacións realizadas polo usuario.

Só se poderán realizar operacións coa tarxeta se previamente se ingresou nela un importe igual ou superior ao da operación.

Indícase a seguir o proceso de contratación:

- O CONCELLO DE VIGO abrirá en NOVAGALICIA BANCO unha conta corrente, en adiante, “conta base”, que se utilizará como instrumento para o pago dos ingresos nas tarxetas e das comisións previamente establecidas.
- Por cada unha das tarxetas que solicite o CONCELLO DE VIGO, NOVAGALICIA BANCO crea unha conta na súa aplicación de medios de pago á que se asignará un número de identificación de partícipe. O CONCELLO DE VIGO deberá indicar o nome que desexa que figure en cada unha destas tarxetas. Polo tanto, manteranse tantas “contas de tarxeta” como usuarios comunique o CONCELLO DE VIGO a NOVAGALICIA BANCO
- Durante o proceso de alta da tarxeta NOVAGALICIA BANCO comprobará que o nome indicado polo CONCELLO DE VIGO non figura na listaxe oficial de persoas relacionadas co branqueo de capitais e o financiamento de actividades terroristas. En caso de coincidencia coa listaxe non se dará de alta a tarxeta e devolverase un código de erro no proceso da alta.

4.2. *Titularidade das tarxetas e da conta base.* O CONCELLO DE VIGO será titular da conta base e de todas e cada unha das tarxetas prepago que se contraten ao abeiro deste Convenio.

As contas da tarxeta prepago son completamente independentes entre si e a súa relación coa conta base limítase a que esta será a orixe dos fondos ingresados en cada unha das contas da tarxeta.

4.3. *Alta de tarxetas.* O CONCELLO DE VIGO solicitará a NOVAGALICIA BANCO a emisión de cada unha das tarxetas, indicando o nome que desexa que figure nela e o importe (trescentos euros) que desexa ingresar en cada unha. NOVAGALICIA BANCO, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO do importe do ingreso e das comisións que correspondan conforme se indica no punto 4.9 desta mesma cláusula, dará de alta a tarxeta nos seus sistemas e procederá á súa estampación e envío ao enderezo indicado a continuación, e que será o mesmo para todas as tarxetas, nun prazo de 5 días laborais. As tarxetas enviaranse indicando a clave numérica (número de identificación) que corresponde a cada unha. Igualmente comunicarase ao CONCELLO DE VIGO a través dun ficheiro esta clave numérica que permitirá identificar de forma única cada tarxeta. Será responsabilidade do CONCELLO DE VIGO a entrega da tarxeta ao seu usuario final así como as súas instrucións de uso.

O enderezo de envío das tarxetas será o seguinte: (CONCELLO DE VIGO Departamento de Política de Benestar. Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade. Praza do Rei nº 1-36202 Vigo).

NOVAGALICIA BANCO non destruirá os nomes despois da emisión das tarxetas xa que impediría emitir duplicados da tarxeta cando se soliciten ou localizar unha tarxeta en caso de perda ou roubo. En ningún caso eses nomes se utilizarán para ningún outro uso, de feito, unicamente se incorporan como o literal a estampar na tarxeta.

4.4. *Activación da tarxeta e envío de PIN.* As tarxetas emitiranse inactivas, polo que non poderán operar ata que se realice a súa activación. Esta activación realizarase unha vez que o CONCELLO DE VIGO notifique a través de ficheiro a NOVAGALICIA BANCO que tarxetas se entregaron aos correspondentes usuarios informando a NOVAGALICIA BANCO do número de identificación de cada unha desas tarxetas. Opcionalmente poderá indicar tamén, para cada tarxeta, un número de teléfono móbil ao que desexa informar da activación e enviar o PIN da tarxeta. Recibida esta información, NOVAGALICIA BANCO procederá á activación da tarxeta/s comunicando aos usuarios esta activación e o seu número secreto PIN a través de sms. O texto da SMS sería: "NOVAGALICIA BANCO informa: a súa tarxeta Bono-Taxi do Concello de Vigo está activa. O seu número PIN é XXXX. Dispón dun saldo de 300€".

Naqueles casos nos que o CONCELLO DE VIGO non comunicase a NOVAGALICIA BANCO un número móbil, a activación da tarxeta farase unha vez entregada polo Concello, cun prazo máximo de 72 horas. Se o usuario da tarxeta ten interés no número PIN recollerao nunha oficina de NOVAGALICIA BANCO.

4.5. *Ingresos en tarxetas.* No caso de que o CONCELLO DE VIGO desexase realizar ingresos adicionais, ademais do ingreso inicial por importe de 300 euros sinalado con anterioridade, podería facelo previa comunicación a NOVAGALICIA BANCO mediante un ficheiro. Para cada ingreso especificarase a tarxeta, identificada mediante a clave (número de identificación) facilitada no momento da alta da tarxeta, a cantidade a ingresar e, opcionalmente, o número de teléfono móbil ao que se enviará unha mensaxe de confirmación tras a recarga.

NOVAGALICIA BANCO, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO que se acorde do importe do ingreso e das comisións correspondentes, ingresará no prazo máximo dunha semana, a cantidade especificada na tarxeta correspondente. Enviarase ao número de móbil facilitado polo CONCELLO DE VIGO unha SMS co texto: "NOVAGALICIA BANCO informa: O Concello de Vigo ingresoulle un importe de€ na súa tarxeta bono-taxi".

Este será o único mecanismo para realizar ingresos nestas tarxetas, non admitindo que o propio usuario final da tarxeta ingrese fondos pola súa conta.

4.6. *Consultas.* Os usuarios finais das tarxetas poderán en todo momento coñecer o saldo e últimos movementos delas a través de calquera caixeiro automático, debendo dispoñer para iso do PIN da tarxeta

Tamen poderán comprobar o seu saldo a través de <https://www.damemisaldo.com> utilizando o número que figura na tarxeta.

4.7. *Saldo abandonados.* Se ao chegar a data de caducidade dunha tarxeta, esta dispón de saldo ao seu favor, estes fondos traspasaranse dende a conta da tarxeta caducada á conta base do CONCELLO DE VIGO.

4.8. *Tarxetas deterioradas, perdidas ou roubadas.* A solicitude de bloqueo dunha tarxeta deteriorada, perdida ou roubada poderaa solicitar o usuario chamando ao teléfono 902 121314 liña aberta as 24 horas e 365 días ao ano que NOVAGALICIA BANCO pon a disposición dos beneficiarios da axuda social. Para poder atender estas peticións, é imprescindible conservar o nome estampado na tarxeta.

A emisión de duplicados de tarxetas perdidas ou roubadas ou deterioradas e a xeración do número secreto tras esquecemento del só poderá ser solicitado polo CONCELLO DE VIGO identificando claramente a clave da tarxeta orixinal, procedéndose do mesmo xeito que nas altas de novas tarxetas, coa diferenza de que non se realizará ingreso na tarxeta

4.9. Tarifas. Establécense as seguintes comisións, polos conceptos igualmente indicados a continuación:

Comisión de alta ou duplicado de tarxetas: 12 euros por cada tarxeta.

Comisión de servizo e carga de tarxeta.

Polo envío de SMS ao número de móbil do usuario indicado para cada Tarxeta polo CONCELLO DE VIGO facilitando o seu PIN e confirmando o Saldo Ingresado: Comisión do 3% do importe correspondente á carga da tarxeta cun mínimo de 0,75 euros por cada operación.

O duplicado dunha tarxeta estará suxeito á mesma comisión que a súa alta orixinal sempre que sexa por roubo, extravío ou deterioro da mesma.

Todas estas comisións aplicaríanse na conta base, titularidade do CONCELLO DE VIGO, que este mantén en NOVAGALICIA BANCO.

4.10. Xustificantes da subvención , tarxetas e comisións:

4.10.1.- Xustificante das axudas:

A 20 de Decembro unha vez caducadas as tarxetas de bono-taxi para o ano 2013, a entidade colaboradora transferirá os saldos das tarxetas de bono-taxi que non foron utilizados á conta habilitada do departamento. Tamén remitirá a relación de todos os saldos abandonados das tarxetas que xustificarán o gasto de cada beneficiario , facendo constar que a subvención foi utilizada para o "Bono-taxi".

4.10.2.- Xustificante de tarxetas e comisións:

A 20 de decembro 2013 remitirá a relación de todos os cargos realizados polas comisións de emisións de tarxetas e recargas que por este concepto se teñan efectuadas e transferirá á conta habilitada do departeamneto a cantidade sobrante

5.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Cada unha das partes cumprirá estritamente todas as obrigas e deberes que, con arranxo ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante, "LOPD"), no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento da LOPD, e nas demais disposicións normativas aplicables en materia de protección de datos de carácter persoal, que respectivamente lles incumban en relación cos datos concernentes a persoas físicas que sexan recollidos e/ou tratados no eido do presente Convenio.

Conforme co estipulado no parágrafo precedente da presente cláusula, e respecto aos datos concernentes a persoas físicas que comunique a NOVAGALICIA BANCO no eido do presente Convenio, o CONCELLO DE VIGO garante de forma expresa:

- Que os únicos datos de carácter persoal que o CONCELLO DE VIGO comunicará a NOVAGALICIA BANCO serán os de nome, apelidos e número de teléfono móbil de cada unha das persoas a favor da cal solicite a emisión da TARXETA.*

- Que o CONCELLO DE VIGO unicamente efectuará esta comunicación de datos de carácter persoal a NOVAGALICIA BANCO mediando a previa, expresa e inequívoca autorización para iso de cada unha das persoas titulares de tales datos, autorización que, polo tanto, o CONCELLO DE VIGO se compromete e obriga a conseguir e obter en todo caso, nos termos previstos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o seu Regulamento de desenvolvemento.
- Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos a NOVAGALICIA BANCO constará por escrito e recollerá, ademais da data na que se outorgue e a sinatura da persoa que a conceda, unha declaración desta última axustada ao modelo que se indica a continuación:

“Eu, Don/Dona [nome e apelidos da persoa que concede a autorización], con D.N.I. número, quedo informado/a de que, por virtude do Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e NOVAGALICIA BANCO, esta última é a entidade financeira emisora das Tarxetas Prepago das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido de axuda social ao discapacitado. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a (NOVAGALICIA BANCO coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilízalos para emitir ao meu favor, estampar e gravar a correspondente Tarxeta Prepago da marca VISA --Tarxeta Prepago cunha titularidade que corresponderá, para todos os efectos, ao CONCELLO DE VIGO --, así como para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe na Tarxeta Prepago citada, todo iso conforme co estipulado no Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e NOVAGALICIA BANCO anteriormente mencionado. Quedo así mesmo informado de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO a NOVAGALICIA BANCO poderei exercer, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente de NOVAGALICIA BANCO, no seguinte enderezo: .rúa Nova, 30-32 A Coruña”

- Que as autorizacións obtidas polo CONCELLO DE VIGO segundo o precedentemente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas polo CONCELLO DE VIGO e encontraranse en todo momento a disposición de NOVAGALICIA BANCO.

Pola súa parte, NOVAGALICIA BANCO expresamente garante respecto dos datos de carácter persoal que lle comunique o CONCELLO DE VIGO no eido do presente Convenio, que tratará e utilizará estes datos con arranxo ao establecido na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que non os comunicará a terceiros, que aplicará respecto deles as medidas de índole técnica e organizativas que garantan a seguridade de tales datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, e que os utilizará unicamente e exclusivamente para os efectos previstos no modelo de autorización que figura na anterior alínea c) da presente Cláusula. En consecuencia, o tratamento e/ou a utilización por NOVAGALICIA BANCO dos referidos datos para calquera finalidade distinta das expresadas requirirá do previo e inequívoco consentimento dos titulares dos datos, nos termos establecidos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007.

O CONCELLO DE VIGO responderá e manterá indemne a NOVAGALICIA BANCO de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse a NOVAGALICIA BANCO a causa do incumprimento polo CONCELLO DE VIGO das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao establecido na presente cláusula. Do

mesmo xeito, NOVAGALICIA BANCO responderá e manterá indemne ao CONCELLO DE VIGO de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse ao CONCELLO DE VIGO por causa do incumprimento por NOVAGALICIA BANCO das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao que na presente cláusula se establece.

6.- EXCLUSIVIDADE

Durante a vixencia do presente Convenio, a área de Política de Benestar do CONCELLO DE VIGO comprométese a non formalizar un acordo similar ao presente, para a emisión de tarxetas ou outros medios de pago, con outras entidades financeiras para o mesmo fin.

7.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente Convenio, facultará á outra parte para resolvelo anticipadamente e para esixir a indemnización que, no seu caso, lle poida corresponder polos danos e prexuízos que puidesen terse ocasionado.

8.- VIXENCIA

O presente Convenio terá unha duración inicial de UN (1) ano a contar dende o momento da súa sinatura.

9.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten a natureza xurídica de contrato privado ao abeiro do artigo 20 da LCSP polo que debe rexerse en canto a súa preparación e adxudicación polas súas normas específicas, polo Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP) e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo.

En canto aos seus efectos e extinción rexirase polo dereito privado.

7(294).- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4418/241.

Dáse conta da proposta da concelleira delegada da Área de Contratación, do 21.03.13, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, por el que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (RLCSPP).

ANTECEDENTES

Por Resolución da Xunta de Goberno Local, de data 15 de xullo de 2011, se aprobou a composición da Mesa de Contratación do Concello de Vigo.

D^a. Iolanda M^a Veloso Ríos figura como vogal da mesma. No entanto, dado que na actualidade desempeña o cargo de voceira do grupo político BNG ten dificultades para poder compatibilizar as súas funcións coas propias da mesa. En consecuencia, se propón a súa substitución por D. Santiago Domínguez Olveira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lei de contratos impón como órgano necesario de asistencia ós órganos de contratación das Administracións Públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1, a Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas. En cambio, nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación (artigo 320 TRLCSP).

No caso do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2011, a mesa é obrigatoria tamén para os procedementos negociados sen publicidade.

Segundo.- Se establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das entidades locais na disposición adicional segunda do TRL, no seu punto 10. En cumprimento desta disposición, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, aprobou, en resolución de data 15 de xullo de 2011, a composición da súa mesma.

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante os vocais.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Modificar os vocais da mesa de contratación do Concello de Vigo, substituíndo a D^a. Iolanda M^a Veloso Ríos por D. Santiago Domínguez Olveira”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a modificación proposta.

8(295).- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MISTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS. EXPTE. 67503/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de Mesa de Contratación realizada con data 20.03.13, que di o seguinte:

- a) *Procedemento aberto para a subministración de misturas bituminosas e emulsións asfálticas (expediente 67503-250)*

Aprobouse o informe do Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras, de data 18 de marzo de 2013, respostando ás cuestións plantexadas por esta mesa ó seu informe de data 8 de marzo de 2013 valorando a proposta técnica. No mesmo se manifesta que os parámetros que figuran nas fórmulas de traballo incluídas nas propostas dos licitadores, COVSA e SERCOYSA, non cumpren os mínimos esixidos no PG-3, mais concretamente o parámetro do coeficiente de Los Angeles, tal e como se esixe no Prego de prescricións técnicas que rexe este procedemento. Á vista deste dato, a mesa por unanimidade dos seus membros asistentes ó presente acto, acorda excluír a ambos licitadores deste procedemento, en consecuencia propón á Xunta de Goberno Local que declare o procedemento deserto.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda declarar deserto o procedemento aberto para a subministración de misturas bituminosas e emulsións asfálticas.

9(296).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA PLURIANUAL DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO, PARA O CUATRIENIO 2013-2016. EXPTE. 255/341.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

10(297).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO, PARA O EXERCIZO 2013. EXPTE. 275/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8.03.13, o informe de fiscalización do 22.03.13, e de acordo co informe-proposta xefe do Servizo de Museos Municipais, do 28.02.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) á Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2013, con cargo á partida 3340.489.00.03 “Fundación MARCO”, que figura no orzamento vixente do Concello de Vigo.

“SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para funcionamento e actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2013, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2013, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade e funcionamento da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades; acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002). Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa achega, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que a forma de levalo a cabo é contribuír ao sostemento do

seu programa e funcionamento; de tal forma que a subvención non sería susceptible de concorrencia competitiva.

“TERCEIRO.- CONDICIÓNS E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.

Aprobar as condicións de concesión da subvención á Fundación MARCO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A Fundación MARCO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN MARCO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao orzamento de 2013.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN MARCO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións, actividades didácticas, cursos para adultos, conmemoracións, servizos e actividades da biblioteca-centro de documentación, actividades da Agrupación de Amigos do Marco, visitas guiadas e outros servizos, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 888.666 €. A FUNDACIÓN MARCO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 “Fundación MARCO” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 68,08 % do total do presuposto.
- Xunta de Galicia 140.000,00 € (15,75 %)
- Ministerio de Cultura 50.000,00 € (5,63 %)
- Ingresos extraordinarios 23.000,00 € (2,59 %)
- Ingresos actividades propias ou patroc. 54.666,00 € (6,15 %)
- Amigos MARCO 16.000,00 € (1,80 %)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.

1. *Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.*
2. *Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN MARCO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.*
3. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.*
4. *Colaborar co Concello de Vigo coa participación da Fundación MARCO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.*
5. *Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do impor-*

te da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).

6. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN MARCO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición TERCEIRA do presente acordo de concesión da subvención.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo de Arte Contemporánea, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras enti-

dades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2013 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe máximo de 151.250,00 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.
- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 151.250,00 € antes do 30 de xuño de 2013 ou dentro dos dous meses seguintes á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 151.250,00 € antes do 30 de setembro de 2013 ou dentro dos catro meses seguintes á concesión.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 151.250,00 €, ou pola contía pendente respecto ao total da achega outorgada, antes do 30 de novembro de 2013, xunto coa liquidación da subvención.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do MARCO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- f) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha activi-

dade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- g) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- h) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.
- i) A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que: a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b) a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordeamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario.

A primeira e a segunda achegas consideraranse pagamentos a conta da subvención outorgada.

Para o trámite da terceira achega:

Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc.; certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade; acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daquelas outras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2013, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2013:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2013, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
 - Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN MARCO, perderá o dereito á mesma.

Ademais da conta xustificativa, poderían recabarse as facturas acreditativas do gasto que deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarían a disposición do Concello de Vigo; non se admitirían facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computaríase o gasto acreditado, deducindo o

IVE, salvo que a FUNDACIÓN MARCO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes co-responderían aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requerida pola Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2013, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificáranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación MARCO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte remitirá ao Concello de Vigo os seus orzamentos e a liquidación dos mesmos dentro dos prazos legais, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Asimesmo con carácter trimestral remitirán a información de pagamentos para os efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidad comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, con carácter trimestral queda obrigada a remitir toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2013, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.

O presente acordo de subvención non é prorrogable.

DÉCIMA PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

11(298).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE 2013 “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE. 5000/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.03.13, o informe de fiscalización do 22.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 25.02.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo, para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para o ano 2013.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 146.250,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de Bandas de música) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio 2013.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O ANO 2013.

Na Casa do Concello de Vigo, de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don. Enrique Lorenzo Vila, como presidente e en representación da Federación de Bandas de música populares de Vigo, CIF nº G-36.855.906, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 857-03 e enderezo social na rúa Canteiros nº 53 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5000/335

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación de Bandas de música populares de Vigo, ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ao longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.

II.- Que a Federación aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

III. Que dende o ano 1990, O Concello e a Federación veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa “Vigo, un mar de bandas”), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa “Aulas de música nas bandas”. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

V.- Que o Concello en colaboración coa Federación pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

VI.- Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola Federación.

VII.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 146.250,00 euros (cento corenta e seis mil douscentos cincuenta), a favor da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación, a través dos seguintes programas:

- "Vigo, un mar de bandas", cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.

- "Aulas de música nas bandas", cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

IX.- Que a entidade Federación de bandas de música populares de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5000/335

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Federación de Bandas de música populares de Vigo comprométese a colaborar co servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas" e, concretamente, a:

1º.- Que cada unha das nove bandas representadas a través da beneficiaria e relacionadas no pacto cuarto deste Convenio realicen dez actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello. En total, realizaranse noventa actuacións.

O servizo de Festas comunicará á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.

- Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa do servizo de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

2º.- Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.

4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento dos programas “Vigo un mar de bandas” e “Aulas de músicas nas bandas”, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

5º.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.

6º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

7º.- Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de setembro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa “Aulas de música nas bandas”.

8º.- A beneficiaria deberá repartir a cada unha das bandas asinantes as nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais. Estas estruturas deberán estar presentes nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

9º.- As bandas presentarán á Federación beneficiaria solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 20 de decembro.

10º.- Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa beneficiaria.

2º.- Comunicarlle á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3º.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa beneficiaria, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ao aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5º.- Conceder directamente á Federación de Bandas de música populares de Vigo, unha subvención por importe de 146.250,00 (cento corenta e seis mil douscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 90 (noventa), sendo unha delas, por cada unha das nove bandas asinantes, de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine o Concello.

As contías que se establecen por actuación e banda, á proposta da beneficiaria, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.255,00 €
Escola de Música de Beade	1.255,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.255,00 €
Unión musical de Coruxo	1.188,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.188,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.188,00 €
Unión musical de Cabral	1.188,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.055,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.055,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa “Vigo un mar de Bandas” a 95.643,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello aboará a cantidade de 607,00 euros, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 50.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”, de acordo co proxecto que se achega ao expediente.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0128.11.0040003665, domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período, e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro), e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro).

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de bandas" así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa "Aulas de música nas bandas". En particular e con relación ao programa "Aulas de música nas bandas", esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo na imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nas datas indicadas no pacto sexto, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral unha memoria-avaliación dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas", onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa "Vigo, un mar de bandas"), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

No caso do programa “Aulas de música nas bandas” achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo segundo.- Antes de proceder aos pagamentos da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- O Concello poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas no pacto cuarto) polos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente a beneficiaria e da presenza de persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos ou actividades que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo primeiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.

Vixésimo terceiro.- As actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle ao Concello, en coordinación coa beneficiaria.

Con carácter xeral, quedan excluídas do convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais, así como aqueles concertos programados dentro do mesmo ámbito territorial parroquial asociado á mesma banda de música.

Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

Con carácter excepcional e a proposta da Concellería de Cultura, Festas e Museos, poderanse autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa “Aulas de música nas bandas” están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número

de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

12(299).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” (FAVEC) PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2013”. EXPTE. 5006/335.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

13(300).- ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 12032/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.03.13, o informe de fiscalización 14.03.13, e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo Xefe da Unidade Técnica e o concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, que consta de maneira fundamental dos seguintes apartados e os anexos obrantes no expediente:

- ✓ Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.
- ✓ Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.
- ✓ Orzamento dos gastos de execución da obra.
- ✓ Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizos, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.

2º.- Proceder a exposición pública polo prazo dun mes, do anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, de acordo co establecido no artigos 133.2 e 129.3 do TRLCSP.

ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.

Índice:

1. Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.
2. Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.
3. Orzamento dos gastos de execución da obra.
4. Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizos, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.

1. Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.

No ámbito das competencias do Concello de Vigo en materia de deportes, nos atopamos coa necesidade de poder responder a tres aspectos fundamentais sobre este sector:

- a.- Complementar a distribución territorial dos servizos municipais para o “deporte” dentro do termino municipal de Vigo.
- b.- Responder as novas demandas da cidadanía en relación a actividade físico-deportiva como un valor de saúde e benestar.
- c.- Establecer unha rede municipal de servizos deportivos o alcance de todas as persoas, posibilitando un acceso universal a practica da actividade físico deportiva.

En relación a estes tres aspectos e tendo en conta o obxecto deste informe, debemos atender a evolución da “demanda deportiva municipal” e a súa tendencia na sociedade actual.

01.1 Datos xerais da demanda deportiva.

De maneira xeral debemos tomar como referencia para este expediente os datos publicados polo CSD da “Enquisa sobre hábitos deportivos en España 2010”¹

Do estudio desta enquisa, e posible extraer unha serie de conclusións, que fundamentarán o obxecto xeral deste proxecto e posteriormente procederemos a confirmar ditos prantexamentos con datos concretos da cidade de Vigo.

1 “IDEAL DEMOCRÁTICO Y BIENESTAR PERSONAL. Encuesta sobre los hábitos deportivos en España 2010”. CSD, CIS. García Ferrando, Manuel y Llopis Goig, Ramón. Universidad de Valencia. Octubre 2011.

As practica do deporte na sociedade actual, afronta un novo reto, fundamentado na transformación dunha demanda puramente competitiva a unha acción complementaria e universal sobre o deporte como unha actividade físico-deportiva para o benestar e o tempo libre.

O interese sobre o deporte, experimenta nesta última década un cambio importante en relación os motivos para a practica. Hoxe en día contemplamos un incremento moi significativo de interese da poboación nun novo escenario no cal gaña a partida, en relación os practicantes, aquelas actividades mais universais e relacionadas directamente con o benestar, a saúde, a relación social, a integración, etc.

Datos de interese da “Enquisa sobre hábitos deportivos en España 2010”

- 63 % da poboación ten moito ou bastante interese polo deporte.

Interese	2010	2005
Moito	21	18
Bastante	42	43
Pouco	25	27
Nada	12	12
NC	--	--

- Unha ampla maioría do 68,00 % dos que declara estar moi interesado no deporte o practica.
- Porcentaxe de practica entre a poboación en Galicia: 32,00 %
- As 10 actividades físico-deportivas mais practicadas en España 2010. (porcentaxes sobre o total practicantes deportivos)

Ximnasia e actividades físicas guiadas	34.6
Futbol, (futbol, futbol sala e futbol 7	24.6
Natación (recreativa e de competición)	22.9
Ciclismo (recreativo e de competición)	19.8
Carreira a pe (footing ou running)	12.9
Actividade no medio natural (senderismo, montañismo, excursionismo, etc.)	8.6
Baloncesto e minibasket	7.7
Tenis	6.9
Atletismo	6.0
Padel	5.9

- Actividades deportivas con maior frecuencia de practia semanal:
 - Musculación, culturismo e halterofilia
 - Rugby
 - Ximnasia e actividade física guiadas.
 - Atletismo
 - Carrera a pe (running)

Todos estes aspectos xerais sobre os hábitos de practica deportiva teñen un reflexo directo na cidadanía viguesa, a cal sempre tivo unha significación moi importante sobre o deporte.

01.2 Extrapolación de datos xerais da enquisa de hábitos deportivos en España, sobre o poboación de Vigo:

Interese practica deportiva		
Int xeral	Xinm/act Física dirixida	Natación (recri/comp)

Poboación total de Vigo ¹		32%	34,60%	22,90%
Distrito 1	20.859	6.675	2.310	1.529
Distrito 2	33.818	10.822	3.744	2.478
Distrito 3	43.456	13.906	4.811	3.184
Distrito 4	51.304	16.417	5.680	3.760
Distrito 5	16.277	5.209	1.802	1.193
Distrito 6	28.867	9.237	3.196	2.115
Distrito 7	59.558	19.059	6.594	4.364
Distrito 8	19.983	6.395	2.213	1.464
Distrito 9	25.149	8.048	2.784	1.843
	299.271	95.767	33.135	21.931
Población potencial		55.066		

En relación a esta táboa, identificamos unha poboación superior as 55.000 persoas con interese en practica deportiva directamente relacionada cos servizos específicos que se contemplan no "Novo Centro Deportivo de Navia".

01.3 Estudos para ratificar a estimación potencial da demanda deportiva en Vigo.

01.3.1 Estudio de demanda de utilización de instalacións deportivas en Vigo:

No ano 2012, o Concello de Vigo realizou a través dunha asistencia técnica un estudo de demanda en relación a expectativa de uso de instalacións deportivas vinculadas as actividades de "deporte-saúde-ocio", nas cales a actividade física xeral e a específica da auga, establecen unha oferta moi importante.

Autor do traballo:

Francisco Xavier Martínez Cobas. Profesor titular de Economía financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo

Anexo I: estudo de demanda.

Conclusións: ¿existe demanda en Vigo para este tipo de instalacións?

Deste estudio de demanda podemos determinar os seguintes valores que nos sitúan nun escenario de estimación de demanda mais axustado:


- Porcentaxe de poboación que practica deporte en Vigo: 37,00 %, este valor experimenta un incremento de 5 puntos porcentuais sobre o dato xeral para Galicia, cuestión que ven determinado fundamentalmente polo carácter de maior concentración urbana da poboación sobre o xeral de Galicia.
- Na enquisa específica para Vigo, identifícase unicamente o valor da practica da Natación en todos os seus ámbitos. O valor establece o 16 % sobre o total da poboación.

Aplicación dos datos a poboación de Vigo (maior de 18 anos):

		Interese práctica deportiva	
		Int xeral	Nat
Poboación maior de 18 anos		37,00%	16,00%
Total	257.100	95.127	41.136

1 Padrón Municipal ano 2012. (anexo I, táboas pirámides de poboación distritos de influencia)

Outro aspecto de máximo interese do estudo de demanda realizado na enquisa en Vigo, centra a súa atención en analizar o porcentaxe de persoas que estarían dispostas a pagar polo uso deste tipo de servizo, partindo da referencia de 30,00 € de media por un tipo de abono mensual. O seguinte cadro representa o resultado da enquisa:



Para completar a visión do que están dispostos a pagar polo uso de instalacións deportivas se ha estimado a curva de demanda en función do prezo representando a poboación estimada que estaría disposta a pagar un determinado prezo por un abono mensual para o uso ilimitado das instalacións incluíndo piscinas.

No cadro anterior obsérvase que é bastante sensible ao incremento de prezos, pero para o abono de 30 euros existen ao redor de 45.000 persoas dispostos a pagalo o que indica unha demanda potencial interesante. A pendente é de 619 persoas, o que nos indica que por cada euro que se suba no prezo do abono aproximadamente 620 persoas menos estarían dispostas a ir.

1.3.2 Valoración da oferta de servizos deportivos na cidade:

a.- Estudio da evolución da demanda real dos usos das instalacións "maisqueauga" de Barreiro e Florida:

Dende o 1 de xaneiro de 2011, contamos con datos reais do funcionamento en relación a dúas instalacións deportivas que responden as peculiaridades do "novo proxecto de Navia". Estas dúas instalacións municipais, responden polas súas peculiaridades a servizos que súa estandarización nos permitirá contrastar os datos da súa xestión para as conclusións finais deste estudo:

Características das instalacións:

- ✓ Modelo de xestión: Contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra a través da modalidade de concesión.
- ✓ Instalacións:
 - o Centro deportivo Municipal MQA Florida.

- o Centro deportivo Municipal MQA Barreiro.
- ✓ Posta en funcionamento: outubro 2010, febreiro 2011.

Evolución dos abonados as instalación:

Centro deportivo Municipal MQA Florida

ABONO MENSUAL	2010/11	2011/12	2012/13	%
Abonado/a Individual	924	992	1.078	16,03%
Abonado/a Familiar Titular	1.249	1.488	1.674	24,90%
Abonado/a Familiar (acompañantes)	1.794	2.128	2.397	35,65%
Abonado/a xoven	576	536	544	8,09%
Abonado/a 3ª Idade	289	345	385	5,73%
Abonado/a Discapacitado/a	56	120	166	2,47%
Abonado/a Matinal	556	459	480	7,14%
Total Abonado/as	5.444	6.068	6.724	

Centro deportivo Municipal MQA Barreiro

ABONO MENSUAL	2010/11	2011/12	2012/13	%
Abonado/a Individual	1.018	1.164	1.321	18,45%
Abonado/a Familiar Titular	1.236	1.514	1.668	23,30%
Abonado/a Familiar (acompañantes)	1.809	2.223	2.443	34,13%
Abonado/a xoven	787	672	755	10,55%
Abonado/a 3ª Idade	224	292	349	4,88%
Abonado/a Discapacitado/a	85	128	167	2,33%
Abonado/a Matinal	318	349	455	6,36%
Total Abonado/as	5.477	6.342	7.158	

As dúas instalación se encontran na actualidade co seu aforo completo e se move unha lista de espera que supera as 4.000 persoas inscritas.

b.- Piscinas e ximnasios municipais xestionados dende o IMD:

Actualmente a oferta deportiva municipal de servizos deportivos, complementase cos programas deportivos que desenvolve o Instituto Municipal dos Deportes a través das seguintes instalacións:

- Piscina Municipal das Travesas
- Piscina Municipal de Lavadores
- Piscina Municipal da Teis
- Piscina Municipal de Valadares.
- Ximnasio do Carmen
- Ximnasio do Berbes

Estas instalación contan dende o pasado 15 de xaneiro cunha nova estrutura de xestión a través de abonados, polo cal non dispoñemos de datos de referencia que podan aplicarse directamente os datos das instalacións municipais de MQA, pero a oferta que actualmente está aberta para estas instalacións e a seguinte:

Instalacións	Oferta en nº de persoas
Piscina Municipal das Travesas	3.000
Piscina Municipal de Lavadores	1.500
Piscina Municipal da Teis	1.500

<i>Piscina Municipal de Valadares.</i>	1.500
<i>Ximnasio do Carmen</i>	600
<i>Ximnasio do Berbes</i>	600
<i>Centro Deportivo Municipal "Maisqueauga Barreiro"</i>	7.000
<i>Centro Deportivo Municipal "Maisqueauga Florida"</i>	6.500
	22.200

c.- Oferta Privada. Tipoloxía de instalacións privadas:

Na actualidade o termino municipal de Vigo non conta cunha oferta de carácter privada moi elevada. Do análise das instalacións deportivas privadas podemos establecer os seguintes datos xerais:

A maioría dos centros deportivos, son entidades pequenas "denominados ximnasios" cunha oferta especializada en servizos deportivos concretos. De forma xenérica podemos destacar a existencia dos seguintes centros mas destacados:

- *Club Metropolitan Vigo.*
- *ifitness Vigo*
- *Fitness Place Sport Center.*
- *Centro Deportivo Coliseum Vigo.*
- *Gimnasio Arenal Vigo.*
- *Florida Gym.*
- *Lanzalia.*
- *Gimnasio Athenas Vigo.*
- *Aqua-Sport Budo Vigo.*
- *Complexo Deportivo Area.*
- *Kavis*
- *Nuevo Siglo XXI SPA*
- *Centro Deportivo Vigo Sport new Fitness.*
- *Gym Body Gran Vía.*
- *Gimnasio El Castro.*
- *L Max.*
- *Progress GYM.*

En relación a servizos deportivos con características similares o proxecto obxecto deste estudio, soamente identificamos dous centros privados; Metropolitan Vigo e ifitness Vigo, que ambos casos enmárcanse, en sectores de clientes con diferenzas importantes, posicionándose en relación os servizos e o prezo, o cal os sitúa como ofertas sectorializadas, nun caso como un servizo de moita calidade e un prezo superior, e no segundo caso baixo o concepto de "low cost" cunha limitación dos servizos dos cales desaparece a auga.

Para o análise da oferta deportiva, debemos atender tamén as peculiaridades da oferta deportiva da entidades "asociativas sen animo de lucro privadas" tales como; El Real Club Náutico de Vigo, El Circulo Mercantil de Vigo, el Club de Campo de Vigo, El Aeroclub de Vigo.

d.- Alcance da oferta deportiva que xeran estas instalacións:

<i>Tipoloxía da oferta</i>	<i>Nº de persoas distintas:</i>
<i>Oferta centros deportivos privados:</i>	12.000
<i>Oferta centros deportivos públicos:</i>	22.200

Demanda potencial (tícket medio= 35,00 €)	40.000
Demanda potencial (tícket medio= 30,00 €) ¹	45.000
Demanda potencial (tícket medio= 15,00 €)	55.000

Demanda potencial para estimación crecemento oferta na cidade: Entre 10.000 e 15.000

01.4 Extrapolação de datos as sociais e demográficas de Navia e a area de influencia da nova instalación deportiva en Navia:

01.4.1 Análise da distribución territorial no termino municipal de Vigo de instalacións deportivas de características similares:

a.- Mapa de distribución instalacións Vigo. Instalacións:

- ✓ Piscina Municipal das Travesas:
- ✓ Piscina Municipal de Lavadores
- ✓ Piscina Municipal de Teis
- ✓ Piscina Municipal de Valadares
- ✓ Centro deportivo Municipal MQA Florida
- ✓ Centro deportivo Municipal MQA Barreiro.
- ✓ Piscina Universidade de Vigo.
- ✓ Piscina Real Club Náutico de Vigo

Cadro de areas de influencia das diversas instalacións por distritos do termino municipal de Vigo:²

	Distrito 1	Distrito 2	Distrito 3	Distrito 4	Distrito 5	Distrito 6	Distrito 7	Distrito 8	Distrito 9	Total
Poboación	20.859	33.818	43.456	51.304	16.277	28.867	59.558	19.983	25.149	299.271
Piscina Municipal das Travesas		33.818	43.456	51.304	16.277					144.855
Piscina Municipal de Lavadores	20.859	33.818					59.558			114.235
Piscina Municipal de Teis	20.859	33.818				28.867	59.558			143.102
Piscina Municipal de Valadares								19.983		19.983
Centro Municipal MQA Florida			43.456	51.304	16.277					111.037
Centro Municipal MQA Barreiro	20.859	33.818				28.867	59.558			143.102
Piscina Universidade de Vigo								19.983		19.983
Piscina R. C. Náutico de Vigo	20.859	33.818	43.456							98.133

1 Estudio de demanda deportiva en Vigo 2012. Martínez Cobas, Xavier. (anexo II)

2 Anexo III. Mapa de distribución de áreas de influencia.

	Praza s	Total	32%	Ratio Pob/Oferta
		299.271	95.767	
Piscina Municipal das Travesas	3.000	144.855	46.354	15,45
Piscina Municipal de Lavadores	1.500	114.235	36.555	20,31
Piscina Municipal de Teis	1.500	143.102	45.793	25,44
Piscina Municipal de Valadares	1.500	19.983	6.395	6,39
Centro Municipal MQA Florida	6.500	111.037	35.532	5,92
Centro Municipal MQA Barreiro	7.000	88.425	28.296	4,72
Piscina Universidade de Vigo	1.500	19.983	6.395	3,55
Piscina R. C. Náutico de Vigo	1.500	98.133	31.403	20,94
Novo Centro Municipal de Navia	7.000	96.436	30.860	5,14

b.- Ubicación da parcela destinada o “Novo Proxecto de Navia”.

Dita parcela atopase ubicada no cuadrante suroeste do termino municipal de Vigo (distrito 9), determinando dunha maneira específica un area de influencia que identificamos polas seguintes premisas:

- a) Poboación de acceso directo a instalación (a que se atope andando nun tempo máximo de 10 minutos).
 - Poboación directa do polígono de Navia.
 - Poboación directa nun radio de 1.000 m, o cal complementa a propia do Polígono de Navia.
- b) Area de poboación que no caso de demandar o uso dos servizos deportivos, atopa esta instalación como a mais próxima e accesible.
 - b.1.- Toda a poboación do Sur do termino municipal de Vigo:
 - b.2.- Toda a poboación que se atopa situada o sur do 2º cinturón de circunvalación, xa que o seu desprazamento en coche, facilita un acceso directo o polígono de Navia, favorecido polo acceso a zoa de aparcamento específico para o complexo deportivo.

c.- Datos demográficos das seguintes areas de influencia do Novo centro deportivo de Navia:

Para esta valoración utilizáronse os datos actuais do Padrón municipal de Vigo do ano 2012, do cal destácanse os seguintes valores fundamentais:

03.2.1 Pirámide de poboación “polígono de Navia”		7.409
03.2.2 Pirámide de poboación Distrito 9	25.149	
Alcabre		3.578
Navia		5.225
Comesaña		5.827
Coruxo		5.356
Oia		4.003
Saians		1.160
03.2.3 Pirámide de poboación Distrito 8	19.983	
Matama		3.881

03.2.4 Pirámide de poboación Distrito 4

51.304

d.- Estimación demanda das areas de influencia do Novo centro deportivo de Navia:

En función dos datos expostos no presente apartado podemos fundamentar a existencia dos seguintes datos para o calculo da demanda real para o “Novo centro deportivo de Navia”.

Distrito 9:

Dentro deste distrito non existe ningunha instalación que preste este tipo de servizo, polo cal a estimación total derivase o “Novo Centro deportivo de Navia”.

		Interés practica deportiva		
		Int xeral	Xinm/act Física dirixida	Natación (recr/comp)
Poboación total de Vigo		32%	34,60%	22,90%
Distrito 9	25.149	8.048	2.784	1.843
Poboación potencial		4.627		

Distrito 8:

Dentro deste distrito soamente existe a instalación da Piscina Municipal de Valadares, polo cal faremos unha extrapolación dos datos entre as dúas instalacións, e de forma específica unicamente atenderemos a poboación das parroquias de Matamá e de Valadares, en función da súa proximidade.

		Interés practica deportiva		
		Int xeral	Xinm/act Física dirixida	Natación (recr/comp)
Poboación total de Vigo		32%	34,60%	22,90%
Distrito 8	19.983			
Matamá	3.881	1.242	430	284
Valadares	5.379	1.721	596	394
Poboación potencial		1.704		

Distrito 4:

Dentro deste distrito nos atopamos coas seguintes instalacións xa en funcionamento:

- ✓ Piscina Municipal das Travesas:
- ✓ Centro deportivo Municipal MQA Florida

		Interés practica deportiva		
		Int xeral	Xinm/act Física dirixida	Natación (recr/comp)
Poboación total de Vigo		32%	34,60%	22,90%
Distrito 4	25.149	51.304	16.417	5.680
Poboación potencial		9.440		

01.5. Resumen e ponderación da demanda para o Novo Centro Deportivo de Navia:

	<i>Demanda potencial</i>	<i>Oferta</i>	<i>Demanda real</i>
<i>Distrito 9</i>	4.627	<i>Incidencia minoritaria de MQA Florida. Actualmente esta instalación ten unha lista de espera de cerca de 4.000 persoas</i>	3.702
<i>Distrito 8</i>	1.704	<i>Incidencia moi escasa da Piscina de Valadares.</i>	1.363
<i>Distrito 4</i>	9.440	<i>Incidencia importante de MQA Florida e Travesas, pero debemos ter en conta que estas instalación afectan a distritos de moita densidade de poboación.</i>	2.832
	15.771		7.897

Con estes datos fundamentase a existencia dunha demanda real de mais de 7.800 persoas (o 50.07 % da demanda potencial).

A extrapolación destes datos obriga a manter un criterio de prudencia na aplicación dos mesmos no estudio de explotación de ingresos, polo cal debemos de ter en consideración:

- a) Considerar inicialmente datos en torno o 80 % desta estimación.
- b) No período máximo de cinco anos, pódese aplicar o 100 % desta estimación en base os seguintes argumentos:
 - ✓ Evolución nos próximos cinco anos. Debemos considerar que no escenario a cinco anos o ciclo da actual crises económica deberá provocar unha tendencia o alza, polo cal poderemos traballar con estimacións algo superiores o 80 % desta estimación.
 - ✓ Por outro lado deberemos ter en conta que o crecemento da poboación da cidade está experimentando un incremento importante dentro do distrito 9, pasando dos escasamente 19.000 habitantes no ano 2004 os mas de 25.000 habitantes hoxe en día (mais dun 32,00 % de incremento).

01.6. Aplicación da demanda real a distribución da conformación da tipoloxía de abonados.

¿Cómo distribúense os abonados neste tipo de instalacións?. Para propoñer unha pauta de referencia para o estudio de explotación do Novo complexo deportivo de Navia, tomaremos como referencia os datos reais das dúas instalacións de MQA.

Centro Deportivo Municipal MQA Florida

ABONO MENSUAL	10/11	11/12	12/13	%
Abonado Individual	924 16,87%	992 15,64%	1.078 16,03%	16,18%
Abonado Familiar Titular	1.249 22,80%	1.488 23,46%	1.674 24,90%	23,72%
Abonado Familiar (acompañantes)	1.794 32,76%	2.128 33,55%	2.397 35,65%	33,99%
Abonado Xoven	576 10,52%	536 8,45%	544 8,09%	9,02%
Abonado 3ª Idade	289 5,28%	345 5,44%	385 5,73%	5,48%
Abonado Discapacitado	56 1,02%	120 1,89%	166 2,47%	1,79%
Abonado Matinal	556 10,15%	459 7,24%	480 7,14%	8,18%
Total abonados	5.444	6.068	6.724	

Centro Deportivo Municipal MQA Barreiro

ABONO MENSUAL	10/11	%	11/12	%	12/13	%	Med.%
Abonado Individual	1.018	18,59%	1.164	18,35%	1.321	18,45%	18,47%
Abonado Familiar Titular	1.236	22,57%	1.514	23,87%	1.668	23,30%	23,25%
Abonado Familiar (acompañantes)	1.809	33,03%	2.223	35,05%	2.443	34,13%	34,07%
Abonado Xoven	787	14,37%	672	10,60%	755	10,55%	11,84%
Abonado 3ª Idade	224	4,09%	292	4,60%	349	4,88%	4,52%
Abonado Discapacitado	85	1,55%	128	2,02%	167	2,33%	1,97%
Abonado Matinal	318	5,81%	349	5,50%	455	6,36%	5,89%
Total abonados	5.477		6.342		7.158		

Proposta para a estimación do porcentaxe de distribución da tipoloxía de abonados:

Tendo en conta os datos reais e sobre todo a existencia de listas de espera nas instalacións de referencia se propón unha adecuación das proporcións de aplicación en relación a tipoloxía dos abonados a instalación co obxectivo de racionalizar a proposta a unha explotación máis adecuada as necesidades da mesma.

ABONO MENSUAL	MQA Florida	MQA Barreiro	Media	novo %
Abonado Individual	16,18%	18,47%	17,32%	25,00%
Abonado Familiar Titular	23,72%	23,25%	23,48%	21,00%
Abonado Familiar (acompañantes)	33,99%	34,07%	34,03%	29,00%
Abonado Xoven	9,02%	11,84%	10,43%	10,00%
Abonado 3ª Idade	5,48%	4,52%	5,00%	6,00%
Abonado Discapacitado	1,79%	1,97%	1,88%	2,00%
Abonado Matinal	8,18%	5,89%	7,03%	7,00%

Aplicación de abonados en función da demanda real para o Novo Centro Deportivo de Navia:

ABONO MENSUAL	%	7.897	80%	90%
Abonado Individual	25,00%	1.974	1.579	1.777
Abonado Familiar Titular	21,00%	1.658	1.327	1.493
Abonado Familiar (acompañantes)	29,00%	2.290	1.832	2.061
Abonado Xoven	10,00%	790	632	711
Abonado 3ª Idade	6,00%	474	379	426
Abonado Discapacitado	2,00%	158	126	142
Abonado Matinal	7,00%	553	442	498
		7.897	6.318	7.107

ABONO MENSUAL	7.897	Prezos2013 s/ive	80%	90%	
Abonado Individual	25,00%	1.974	29,63 €	561.535,44 €	631.727,37 €
Abonado Familiar Titular	21,00%	1.658	29,63 €	471.689,77 €	530.650,99 €
Abonado Familiar (acompañantes)	29,00%	2.290	4,92 €	108.109,28 €	121.622,94 €
Abonado Xoven	10,00%	790	19,75 €	149.742,78 €	168.460,63 €
Abonado 3ª Idade	6,00%	474	17,77 €	80.823,51 €	90.926,45 €
Abonado Discapacitado	2,00%	158	14,79 €	22.430,09 €	25.233,85 €
Abonado Matinal	7,00%	553	14,79 €	78.505,32 €	88.318,48 €
		7.897		1.472.836,19 €	1.656.940,71 €

Para a referencia de ingresos debemos de estimar tamén os ingresos por actividades e os ingresos polos servizos de Padel. Aplicaremos as referencias da instalación de Barreiro (2013).

Outros ingresos	€	Aplicación para Novo Navia	
Ingresos por actividades	280.000,00 €		260.000,00 €
Ingresos por matriculas			40.000,00 €
Outras actividades			30.000,00 €
Total:			330.000,00 €
Ingresos por reservas de Padel	178.000,00 €	(+80%)	144.000,00 €
		80% da demanda	90% da demanda
Referencia de ingresos por cuotas de abonados :		1.472.836,19 €	1.656.940,71 €
Outros ingresos		330.000,00 €	330.000,00 €
Total:		1.802.836,19 €	1.986.940,71 €
Ingresos por reservas de Padel		144.000,00 €	144.000,00 €

2.- DESCRICIÓN E DEFINICIÓN DA OBRA A EXECUTAR. DEFINICIÓN DA PARCELA. PLANOS DE SITUACIÓN. DEFINICIÓN E PROGRAMA FUNCIONAL DAS INSTALACIÓNS A CONSTRUIR.

NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA

2.1.- SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela está incluída dentro do Plan Parcial de San Paio de Navia. Ten a cualificación de Uso Deportivo. Actualmente na parcela existen un campo de fútbol con bancada e vestiarios e un pavillón polideportivo.

A actuación exposta resolverá a ordenación do resto da parcela segundo os seguintes condicionantes urbanísticos para os novos edificios:

Edificabilidade máxima	44.665 m ²
Ocupación máxima sobre rasante	a definida en planos
Ocupación máxima baixo rasante	20.000 m ²
Retranqueos a lindeiros	1/3 H e sempre > 4 m
Separación entre edificios	> 4 m e permítase inscribir unha circunferencia de radio H/3
Altura máxima	3 plantas, poderá superarse naquelas con necesidades específicas
Uso	Deportivo
Usos compatibles	Residencial ligado a actividade. Terciario recreativo e de reunión ligado á actividade. Terciario comercial categoría 1º, oficinas ligado á actividade, aparcadoiro, espazos libres, dotacional sanitario ligado á actividade

2.2.-. ORDENACIÓN

A ordenación proposta quere crear o acceso peonil ao centro deportivo polo lado norte da parcela, organizándose unha gran praza que unifique os accesos ao Pavillón Polideportivo, Campo de Fútbol, existentes, e ao novo Complexo Deportivo que se proxecta.

Esta praza unirase á zona verde da parcela lindeira e organizará unha rúa peonil norte-sur, entre o novo Complexo Deportivo e o Pavillón Polideportivo que posibilitará o paso peonil.

A parcela urbanizarase e axardinará na súa totalidade, non podendo quedar zonas sen tratar.

Disporanse 2 zonas de aparcadoiro, unha situada ao norte, cun máximo de 2 liñas de aparcadoiro en batería e rúa interior, que será de libre aparcadoiro para os usuarios de todos os centros deportivos.

Ao sur proxéctase a construción dun aparcadoiro de libre posición a proposta dos ofertantes, que deberá ser de xestión directa para o novo Centro Deportivo Municipal de Navia.

Ademais realizarase a construción dunha Pista Polideportiva exterior regulamentaria de 40 x 20 e un Campo de Fútbol 7 de céspede sintético.

As calidades mínimas da urbanización e das zonas deportivas exteriores defínense no punto 4.

2.3.- PROGRAMA FUNCIONAL

Complexo deportivo cuberto co seguinte programa funcional mínimo:

2.3.1.- ZONA DE AUGAS:

- ✓ *Piscina de 25 x 12,5 m, cunha profundidade de 1,40 m nos fondos e 1,60 m no centro e 6 rúas de natación*
- ✓ *Piscina de aprendizaxe de 12,5 x 6 m*
- ✓ *Piscina activa con chorros de tratamento, camas de auga e jacuzzi de 12,5 x 6 m*
- ✓ *Zona Wellness con sauna seca, baño de vapor e duchas de contraste*
- ✓ *Superficie mínima zona de auga 1.000 m² (incluíndo lamina de auga, praias e wellness)*

2.3.2.- XIMNASIOS E SALAS DE ACTIVIDADES

- ✓ *Sala de Fitness diáfana, cunha superficie mínima de 900 m²*
- ✓ *Un mínimo de 4 salas de actividades cunha superficie total mínima de 700 m²*

2.3.3.- VESTIARIOS

- ✓ *Vestiarios xerais de homes e mulleres, dotados con despachos de billetes, zona de duchas e aseos*
- ✓ *Vestiarios de grupos ou infantil*
- ✓ *Superficie mínima estimada 550 m²*

2.3.4.- SOTANO

Os vasos de piscina serán visitables e rexistrables desde o soto, situándose neles as distintas instalacións necesarias para o funcionamento do centro deportivo

2.3.5.- SUPERFICIES

SUPERFICIES ÚTILES

SUPERFICIES PLANTA ACCESO:

VESTÍBULO, CIRCULACIÓN	237,00 m²
CONTROL, OFICINA	30,50 m²

SALAS

SALA ACTIVIDADES 1	165,20 m ²
SALA ACTIVIDADES 2	247,30 m ²
SALA EJERCICIO VASCULAR -FITNESS	934,30 m ²
SUP. ÚTIL PLANTA ACCESO	1.614,30 m ²

SUPERFICIES PLANTA BAIXA

ZONA DE AUGA	VESTÍBULO, CIRCULACIÓN	101,90 m ²
VESTIARIOS	ZONA WELLNES	284,20 m ²
	ZONA NADO	779,90 m ²
SALAS	VESTIARIOS MULLERES	273,30 m ²
	VESTIARIOS NENOS	75,40 m ²
	VESTIARIOS HOMES	273,30 m ²
SALAS	SALA ACTIVIDADES 3	165,20 m ²
	SALA ACTIVIDADES 4	165,20 m ²
	SUP. ÚTIL PLANTABAJA	2.118,40 m ²

SUPERFICIES CONSTRUÍDAS:

SUP. CONSTR. PLANTA ACCESO	1.731,50 m ²
SUP. CONSTR. PLANTA BAIXA	2.271,50 m ²
SUP. CONSTR.SOTO	1.480,50 m ²
SUP. TOTAL CONSTRUÍDA	5.483,50 m ²

2.4.- URBANIZACIÓN

A urbanización expón o seguinte programa funcional mínimo:

- ✓ 8 pistas de padel de céspede de céspede artificial, con peche perimetral de vidro. As pistas poderán ser cubertas a decisión do ofertante
- ✓ Aparcadoiro para 106 vehículos en zona norte
- ✓ Aparcadoiro para 160 vehículos en zona sur
- ✓ Campo de Fútbol 7 de 58 x 35 m de zona de xogo + bandas. O campo de fútbol incluírá varanda perimetral, peche perimetral, redes recollebalóns nos fondos, iluminación necesaria para a práctica do fútbol, rega, recollida de augas pluviais e equipamento con xogo de portarías.
- ✓ Pista polideportiva 40 x 20 m, medidas regulamentarias, con pavimento de formigón puído e pintura de resinas, peche perimetral de malla electrosoldada de 4 m de altura, iluminación e equipamento de portarías de fútbol sala.
- ✓ Urbanización da parcela comprenderá a totalidade da parcela definida en planos, cos seguintes condicionantes:
- ✓ Disporase dunha gran praza na zona norte como continuación da existente diante do Polideportivo.
- ✓ Disporanse zonas verdes a criterio do ofertante.
- ✓ As zonas verdes estarán dotadas de rega automática.
- ✓ A urbanización disporá de iluminación mínima de 30 lux.
- ✓ Deseñarase a rede de evacuación de augas pluviais necesaria para garantir o uso das superficies peonís e aparcadoiros.
- ✓ Os pavimentos serán continuación dos xa existentes
- ✓ As acometidas ás redes xerais de servizos serán a conta do ofertante.

2.5.- RELACIÓN DE PLANOS ADXUNTOS: (anexo IV)

- Plano de situación, emprazamento e límites de actuación.
- Plano normativa Urbanística.
- Plano topografía. Estado actual.
- Plano planta xeneral de urbanización.
- Plano planta de acceso.
- Plano planta baixa.
- Plano plantas sotano e cuberta.
- Plano alzados e sección

3.1.- ORZAMENTO ESTIMATIVO .

ORZAMENTO ESTIMATIVO

CENTRO DEPORTIVO	5.000.000,00 €
PISTAS PADEL	240.000,00 €
FORXADO PADEL	150.000,00 €
CAMPO FÚTBOL 7	150.000,00 €
PISTA POLIDEPORTIVA	50.000,00 €
APARCADOIRO 1	91.000,00 €
APARCADOIRO 2	150.000,00 €
URBANIZACIÓN XERAL	250.000,00 €
TOTAL CONTRATA	6.081.000,00 €
IVE (21%)	1.277.010,00 €
Orzamento de execución por contrata + ive	7.356.010,00 €

Ascende o ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA á cantidade de SEIS MILLÓNS OITENTA E UN MIL EUROS (6.081.000,00 €.).

O INVESTIMENTO TOTAL ESTIMADA, unha vez considerada a incidencia do IVE (21%) ascende á cantidade de SETE MILLÓNS TRESCENTOS CINCUENTA E OITO MIL DEZ EUROS (7.358.010,00 €).

4.- ESTUDO RELATIVO AO RÉXIME DE UTILIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS, CON INDICACIÓN DA SÚA FORMA DE FINANCIAMENTO E DO RÉXIME TARIFARIO QUE REXERÁ NA CONCESIÓN.

4.1.- REXIME DE UTILIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS:

A tipoloxía da instalación descrita para este proxecto, posibilita un réxime de utilización multifuncional en relación a actividade físico deportivo, vinculada a oferta de ocio e saúde a través do deporte.

Dita instalación mantén unha estrutura funcional baseada en dúas grandes áreas:

- ✓ As actividades físico deportivas de fitness e actividades dirixidas.
- ✓ As actividades físico deportiva e de saúde, vinculadas a auga.

A funcionalidade da utilización e explotación dos servizos fundamentarase nos seguintes ámbitos:

Os abonados a instalación: esta figura busca potenciar un uso multifacético da instalación, facilitando o acceso universal nun gran número de servizos, sala de fitness, actividades dirixidas, piscina, zona wellness, etc.

Esta figura centrará mais del 80 % da explotación dos servizos.

Os usuario de actividades libres e cursillistas: Esta instalación posibilita complementar os usos de actividades específicas para a tender unha demanda concreta de actividades físicas especializadas, para o cal a funcionalidade das salas, posibilitará o desenvolvemento de programas deportivos específicos.

Os usuarios das pistas de Pádel. A proposta deste complexo deportivo, contempla unha dotación deportiva complementaria as actividades básicas do complexo a través dun area de Padel con 8 pistas. Esta actividade ven a demostrar nos últimos anos un alto grado de demanda, posibilitando un uso deportivo moi universal entre a poboación.

Peculiaridades e tipoloxía das figuras de abonados a instalación:

En relación a esta proposta, neste proxecto de explotación contémplanse as figuras básicas en relación as tipoloxías xenéricas de abonados. Estas figuras poderán ser complementadas na propostas de xestión que se desenvolvan no proceso de contratación.

ABONO MENSUAL

- ✓ Abonado/a Individual
- ✓ Abonado/a Familiar Titular
- ✓ Abonado/a Familiar (acompañantes)
- ✓ Abonado/a Xove
- ✓ Abonado/a 3ª Idade
- ✓ Abonado/a Discapacitado/a
- ✓ Abonado/a Matinal

Peculiaridades e tipoloxía dos programas de actividades físico deportivas:

A funcionalidade da instalación posibilitará o desenvolvemento de actividades físico deportivas dirixidas, cunha oferta ampla que pode abarcar dende a iniciación a practica deportiva , ata actividades especializadas.

En relación a estas actividades pódese ofrecer un programa extenso en función dos seguintes campos:

Programa Técnico de Actividades Acuáticas

Programa de Actividades acuáticas para nenos:

- *Programa de actividades Acuáticas para bebés.*
 - o *Actividade Acuática para bebés.*
 - o *Actividade Acuática e Masaxe para bebés.*
- *Programa Escola Acuática.*
 - o *Escola Acuática Infantil.*
 - o *Escola de Actividades Acuáticas.*
 - o *Escola Iniciación Actividades Acuáticas de Competición.*
- *Programa de Natación Escolar.*

Programa de Actividades acuáticas para adultos:

- *Programa de Natación Adultos.*

- o Programa de Iniciación a Natación.
- o Programa Medio de Natación.
- o Programa de Perfeccionamento.
- o Programa Master.
- Programa 3ª Idade
 - o Programa de Natación Terapéutica
 - o Programa de Ximnasia Acuática.
- Programa Natación Saudable.
- Actividades Acuáticas Adultos.
 - o Programa de Aquagym.
 - o Programa de Aquapower.
- Programa de Matronatación.

Programa Técnico de Actividades Dirixidas e de Musculación:

Programa da sala Cardio e Musculación.

- o Programa de Acondicionamento Físico Xeral
- o Programa de mellora Cardio Vascular
- o Programa de fortalecemento Abdominal e Lumbar
- o Programa de Desenrolo Muscular
- o Programa de Fortalecemento das Costas
- o Programa de Iniciación Muscular

Programa de actividades dirixidas

- | | |
|---|----------------------------------|
| o Programa de Aerobic. | o Programa de Stretching. |
| o Programa de Step | o Programa de Fitball - Pilates. |
| o Programa de Aerostep. | o Programa de Fitball. |
| o Programa de Bailes Modernos (batuka, funky, latino) | o Programa de Body Power. |
| o Programa Ximnasia de Mantemento. | o Programa de Cardio Box. |
| o Programa de Pilates. | o Programa de Spinning. |
| | o Programa de Aerobic Infantil. |

4.2.- FORMA DE FINANCIAMENTO E DO RÉXIME TARIFARIO QUE REXERÁ NA CONCESIÓN

O desenvolvemento da forma de financiamento que rexerá a concesión deste contrato de xestión de servizo público, estará fundamentada na xestión propia da explotación dos servizos que presta a instalación, polo cal esta proposta atenderá os números xa expostos con anterioridade e que de seguido resumimos:

4.2.1.- Potencial demanda para o Novo Centro Deportivo de Navia:

	Demanda potencial	Oferta	Demanda real
Distrito 9	4.627	Incidencia minoritaria de MQA Florida. Actualmente esta instalación ten unha lista de espera de ao redor de 4.000 persoas	3.702
Distrito 8	1.704	Incidencia moi escasa da Piscina de Valadares.	1.363
Distrito 4	9.440	Incidencia importante de MQA Florida e Travesas, pero debemos ter en conta que estas instalación afectan a distritos de	2.832

		<i>moita densidade de poboación.</i>	
	15.771		7.897

4.2.2.- Criterios básicos para la figura de abonado da instalación e ratios de distribución:

Aplicación de abonados en función da demanda real para o Novo Centro Deportivo de Navia:

ABONO MENSUAL	%	7.897	80%	90%
Abonado Individual	25,00%	1.974	1.579	1.777
Abonado Familiar Titular	21,00%	1.658	1.327	1.493
Abonado Familiar (acompañantes)	29,00%	2.290	1.832	2.061
Abonado Joven	10,00%	790	632	711
Abonado 3ª Edad	6,00%	474	379	426
Abonado Discapacitado	2,00%	158	126	142
Abonado Matinal	7,00%	553	442	498
		7.897	6.318	7.107

4.2.3.- Réxime tarifario que rexerá na concesión:

Dende o Concello de Vigo, como titular do servizo obxecto desta concesión, buscase a potenciación dos servizos deportivos municipais cun carácter universal en relación a totalidade dos servizos que presta o Concello de Vigo a través das diversas figuras xestoras dos mesmos, co obxectivo de poder ofrecer os cidadáns uns servizos equitativos e dentro dun marco de ofertas con carácter homoxéneo, polo cal as propostas básicas para o réxime tarifario deben ter unha correlación directa cos servizos municipais que actualmente se prestan na cidade.

En base o exposto establece a seguinte referencia de traballo para o réxime tarifario:

	<i>Abonos Mensuais</i>	<i>Prezos estimativos c/ive</i>
	Abonado Individual	37,50 €
	Abonado Familiar Titular	37,50 €
	Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	9,00 €
	Abonado Xoven	25,00 €
	Abonado 3ª Idade	22,50 €
	Abonado Discapacitado	19,00 €
	Abonado Matinal	19,00 €
	<i>Entradas libres</i>	<i>Prezos estimativos c/ive</i>
	Entrada libre piscina Adultos	3,80 €
	Entrada libre piscina Menores	2,50 €
	Entrada libre sala fitness Adultos	3,80 €
	Entrada libre sala fitness Menores	2,50 €
	Entrada libre completa incluído SPA	12,50 €
	<i>Cursos e actividades (trimestrais)</i>	<i>Prezos estimativos c/ive</i>
	Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	25,00 €

Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	50,00 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	31,50 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	63,00 €
Curso piscina (pre-post parto) 1 D/S Abonado	20,00 €
Curso piscina (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	40,00 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	25,00 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	50,00 €
Natación Escolar (cuatrimestral ANPAS)	44,00 €

	Horarios	Prezos estimativos c/ive
Aluguer pistas de pádel (tempo)		
1 hora	Horas baixas	10,50 €
	Horas punta	13,00 €
1/2 hora		6,00 €
suplemento luz (ind. Tempo)		2,40 €

4.3.4.- Estimación de ingresos para o desenvolvemento do estudio de explotación do “Novo Centro Deportivo Municipal de Navia:

	80% demanda	da 90% da demanda
Referencia de ingresos por cuotas de abonados (+-85% dos cálculos de máximos mensuais)	1.472.836,19 €	1.656.940,71 €

Para a referencia de ingresos debemos de estimar tamén os ingresos por actividades e os ingresos polos servizos de Padel. Aplicaremos as referencias da instalación de Barreiro (2013).

Outros ingresos	€	Aplicación para Novo Navia
Ingresos por actividades	280.000,00 €	260.000,00 €
Ingresos por matriculas		40.000,00 €
Outras actividades		30.000,00 €
Total:		330.000,00 €
Ingresos por reservas de Padel	178.000,00 €	(+-80%) 144.000,00 €

	80% demanda	da 90% da demanda
Referencia de ingresos por cuotas de abonados :	1.472.836,19 €	1.656.940,71 €
Outros ingresos	330.000,00 €	330.000,00 €
Total:	1.802.836,19 €	1.986.940,71 €
Ingresos por reservas de Padel	€ 144.000,00	144.000,00 €

4.3.5.- Datos para a extrapolación dos custes de explotación no proxecto do “Novo Centro Deportivo de Navia”.

Dos análises dos gastos de explotación dos Centros Maisqueauga debemos referencias as seguintes pautas:

- Similitude da tipoloxía da instalación: O proxecto para o novo centro deportivo de Navia, encaixa nunha proposta que se caracteriza pola estandarización das instalacións nun modelo xa testado, que identifica valores estables que poden incluso mellorarse en criterios de produtividade, na mellora derivada da experiencia do funcionamento, así como da aplicación

de novidades de xestión nos recursos específicos que demanda este tipo de instalacións (por exemplo os consumos de enerxías).

- b) Identificación das principais áreas de gasto; persoal, consumos, mantemento, inversión en equipamentos técnicos e deportivos.

En base a estas dúas premisas, a proposta de estudo dos custes de gastos de explotación fundamentase nos seguintes apartados:

1.- Custes directos:

1.1.- Persoal:

Partindo dos datos do análise, ditos custes identifícanse, cunha estrutura de persoal funcional que atenda as necesidades de:

- ✓ Dirección, especificando a existencia da especificidade técnica no ámbito da actividade física, derivada da responsabilidade facultativa, así como en todos os aspectos de xestión económica, laboral, etc.
- ✓ Área técnico/docente.
- ✓ Área administrativa, sobre a xestión ordinaria de atención os usuarios.
- ✓ Área de mantemento.

1.2.- Servizos profesionais:

A peculiaridade do dinamismo dos servizos físico deportivos, implica a complementariedade de servizos profesionais específicos en función da diversidade dos programas de actuación da instalación. De forma xeral supón traballos específicos de comercialización, comunicación, dinamización técnica especializada, etc.

1.3.- Mantemento:

Os elementos técnicos constitúen un valor moi importante no funcionamento destas instalacións, a temperatura dos espazos, a renovación do aire, a operatividade dos equipamentos técnicos, equipos tecnolóxicos, informáticos. Todos requiren de traballos específicos e cun alto grado de capacitación profesional.

1.4.- Consumos:

Os consumos de enerxías teñen unha incidencia moi importante no establecemento dos custes directos, os consumos de auga, electricidade, gas, etc., alcanzan para este tipo de instalación indicadores de gasto que día a día atopan novas solucións encamiñadas polos criterios dunha economía sostible, tanto en valores medioambientais como económicos.

1.5.- Adquisición de produtos e provisións

O alto nivel de ocupación e rotación de usuarios que fundamenta os niveis óptimos deste tipo de instalacións establecen a necesidade de atender a custes importantes, nas provisións de produtos consumibles, tipo elementos limpeza, consumibles docentes, etc).

1.6.- Outros custes de xestión:

Dentro de este apartado contemplase criterios de gasto de baixa incidencia vinculados a aspectos de telefonía, transporte, publicidade, etc.

2.- Custes de xestión:

Os criterios que fundamentan a funcionalidade destes servizos, ten en moitos casos unha relación directa coas pautas que definen o modelo de xestión aplicado. En relación a este aspecto, unha parte importante da xestión vincúlase coa continua actualización dos equipos técnicos deportivos, así como tamén os equipos tecnolóxicos de obrigada utilización en relación a produción de enerxía e mantemento da auga.

A xestión destes apartados terán unha incidencia determinante nos custes de explotación, polo tanto, na proposta que se presenta, establécense as seguintes pautas:

Derivación das inversións específicas dos equipos técnicos a propostas que conleven o mantemento específico, así como a renovación dos equipos.

2.- Areas de inversión complementarias a inversión:

2.1- Equipamentos técnicos deportivos:

A evolución dos servizos deportivos demanda un servizo de máxima calidade técnica nas máquinas ou equipos deportivos. Os mesmos deben responder de forma continua a unha adaptación tecnolóxica activa e a un estado de funcionamento óptimo. Neste sentido atopamos no mercado hoxe en día repostas de xestión completas, tendo as opción de establecemento de plans de renting ou leasing, ata a contratación de servizos que inclúen a instalación dos equipos cunha renovación específica e un mantemento completo. Polo cal a proposta para a xestión deste apartado especifícase, para este proxecto de viabilidade no ámbito do leasing, de acordo cas seguintes pautas: Inversión máxima dos equipos técnicos deportivos: 750.000,00 €. Amortización máxima desta inversión: 7 anos.

2.2- Equipamentos informáticos e tecnolóxicos de xestión:

Nesta situación desta apartado debe ser tratada cun criterios similar o anterior, polo cal a proposta para a xestión deste apartado especifícase, no ámbito do leasing, de acordo cas seguintes pautas: Inversión máxima dos equipos técnicos deportivos: 15.000,00 €. Amortización máxima desta inversión: 5 anos.

2.3- Equipamentos técnicos da instalación Sistemas de produción de enerxías, climatizacións, depuración, etc.:

Inversión estimada dos equipos técnicos: 1.200.000,00 €.
Amortización máxima desta inversión: 25 anos.

4.3.6.- Estimación de aplicación de ingresos e gastos:

O nivel de 100% sobre a previsión tendo en conta que a adxudicación se execute no ano 2013, e que a explotación directa se inicie no ano 2015, alcanzándose o 100 % da ocupación no segundo ano de xestión real (2017)

Para a estimación desta conta de explotación

Complexo de Navia	
Conta de explotación	2017
% sobre nivel de actividade estándar	100%
1.1 CIFRA DE NEGOCIOS	
1.1.1 Venta produtos	12.500 €
1.1.2 Prestación de servizos	1.986.941 €
1.1.3 Ingresos por instalacións de padel	144.000 €
SUMA CIFRA DE NEGOCIOS	2.143.441 €
A) TOTAL PRODUCCION NETA	2.143.441 €
1.4 OUTROS INGRESOS	

1.4.1 Ingresos financeiros	3.000 €
1.4.2 Prestación de servizos xeral	- €
1.4.3 Subvencións	6.000 €

B) OUTROS INGRESOS	9.000 €
---------------------------	---------

TOTAL INGRESOS A + B (sin IVA)	2.152.441 €
---------------------------------------	-------------

Complexo de Navía	
Conta de explotación	2017

% sobre nivel de actividade estándar	100%
--------------------------------------	------

2. CUSTES DIRECTOS NAVIA

2.1 Compras mercaderías	750 €
2.2 Compras materias primas	100 €
2.3 Compras outros aprovisionamentos	100 €
2.4 Compras material didáctico	750 €
2.5 Compras varias	- €
2.6 Portes	- €
2.7.1 Traballos outras empresas	16.000 €
2.7.3 Trab. outras empresas -Activ da instalación de padel	58.000 €
2.7.4 Traballos outras empresas -Limpeza	65.000 €
2.9.1 Mantemento	55.000 €
2.9.2 Mantemento p. químicos	4.000 €
2.9.3 Mantemento p. limpeza	2.500 €
2.10.2 Servizos prof independentes	13.600 €
2.11 Publicidade	2.500 €
2.12 Luz	107.000 €
2.13 Gas	60.000 €
2.14 Auga	75.000 €
2.15.1 Material de oficina	12.000 €
2.15.2 Comunicaciós	4.500 €
2.16 Varios	1.000 €
2.17 Gastos persoal	
Nómina director técnico	40.000 €
S.Social director técnico	12.800 €
Nómina coordinador técnico	37.000 €
S.Social coordinador técnico	11.400 €
Nómina persoal recepción	73.000 €
S.Social persoal recepción	23.000 €
Nómina persoal mantemento	19.000 €
S.Social persoal mantemento	6.400 €
Nómina monitor deportivo	180.000 €
S.Social monitor deportivo	60.000 €
Outros, Indemnización persoal	2.000 €
Vestuario persoal	3.000 €
Dietas sen retención	3.000 €
2.20 Dot a la prov para reposición	60.000 €

TOTAL COSTES DIRECTOS 1.008.400 €

C) TOTAL COSTES DIRECTOS 1.008.400 €

3. GASTOS FINANCIEROS / AMORTIZACION INVERSION

3.1 Gastos financeiros préstamo 202.325 €
3.2 Cotas renting equipamento 152.874 €
3.3 Gastos varios bancos, comisións de apertura 6.000 €
3.4 Amortización de instalación 139.083 €
3.5 Financiamento IVE construcción - €

TOTAL GASTOS FINANCIEROS / AMORTIZACIÓNS 500.283 €

4. GASTOS GENERALES

4.1 Contable / fiscal - €
4.1.2 Notarias 600 €
4.2 Servizos prof independentes 15.000 €
4.3 Timbres, anuncios, taxas 7.000 €
4.4 FEE de xestión (3%) 64.303 €
4.5 Seguros xerais 6.000 €
4.6 Publicidade xeral - €
4.7 Relacións públicas xerais - €
4.8 Gasóleo xeral - €
4.9 Material de oficina - €
4.10 Comunicacións xerais - €
4.11 Gastos desprazamentos formación 100 €
4.11 Tributos varios 100 €
4.12 Outros gastos sociais 1.500 €
4.13 Formación persoal 2.200 €
4.14 Vixilancia da saúde - €

TOTAL GASTOS XERAIS 96.803 €

D) TOTAL CUSTES XERAIS 597.086 €

5.- TOTAL CUSTES C+D 1.605.486 €

6.- RESULTADO BRUTO 546.955 €

4.15 Imposto sociedades 46.990 €
Crédito fiscal acumulado 136.739 €

6.- RESULTADO NETO 499.965 €

Taxas de retorno

Taxas dos investidores
TIR Bruta dos investidores (2013-2062) 13,40%
TIR Neta dos investidores (2013-2062) 11,06%

VAN Bruto (k = 6,0%)	5.094.289,92 €
VAN Neto (k= 6,0%)	3.171.953,75 €

Taxas do proxecto

TIR Bruta do proxecto (2013-2062)	10,85%
TIR Neta dos investidores (2013-2062)	9,30%

VAN Bruto (k = 6,0%)	5.204.571,18 €
VAN Neto (k= 6,0%)	3.262.435,73 €

4.3.7.- Investimentos e gastos vinculados a explotación.

Complexo de Navia

Investimento 2013-2014

	Euros	M2
Investimento total (s/ive)	6.676.000,00 €	23.863
Desembolso total (ive incluído)	8.077.960,00 €	
<u>Construción:</u>	5.796.000,00 €	
Zona 02 Edificio Piscina/ximnasio	3.515.000,00 €	5.500
Padel	240.000,00 €	2.245
Zona 03 P-NE	91.000,00 €	2.286
P-SE	150.000,00 €	3.765
Urb externa edificio	250.000,00 €	5.705
Forxado Padel	150.000,00 €	1.000
Zona 04 Campo F-7	150.000,00 €	2.394
Zona polideportiva aberta	50.000,00 €	968
Obra civil	4.596.000,00 €	
Instalacións técnicas	1.200.000,00 €	
xerais	800.000,00 €	
Sistemas produción enerxía	400.000,00 €	
<u>Equipamentos</u>	270.000,00 €	
Mobiliario instalación (vestiarios, recepción, etc)	120.000,00 €	
Equipamento técnico auga (piscinas)	150.000,00 €	
<u>Gastos honorarios técnicos, taxas, etc</u>	610.000,00 €	
Honorarios proxecto	240.000,00 €	
Dirección obra	220.000,00 €	
Licenzas, taxas e outros	50.000,00 €	
Gastos de posta en funcionamento	100.000,00 €	
<u>Equipamento a financiar por renting</u>	765.000,00 €	
Equipamento técnico fitness	750.000,00 €	
Sistemas informáticos	15.000,00 €	

4.3.8.- Táboas de cálculos anexas: (anexo V)

Se adxuntas as seguintes táboa de cálculos:

✓ Táboa de explotación a 50 anos coas taxas de retorno (TIR) e os cálculos do valor actual neto (VAN).

Operacións de préstamo: sobre o 50 % da inversión. 15 anos.

PRESTAMO

	Comisión apertura	0,50%	20.361,8		
				Plazo anos	15
				Carencia	1
	Interés anual	6,00%		Pagos	15
TOTAL	5.630.976,92	1.892.416,92	3.738.560,00		
Nº Cuotas	Cuota Anual	Interese Anual	Amortizac.	Capital + xuros carencia	
14	402.212,64	6,00%		3.738.560,00	
1	402.212,64	224.313,60	177.899,04	3.560.660,96	
2	402.212,64	213.639,66	188.572,98	3.372.087,98	
3	402.212,64	202.325,28	199.887,36	3.172.200,62	
4	402.212,64	190.332,04	211.880,60	2.960.320,02	
5	402.212,64	177.619,20	224.593,44	2.735.726,59	
6	402.212,64	164.143,60	238.069,04	2.497.657,55	
7	402.212,64	149.859,45	252.353,18	2.245.304,36	
8	402.212,64	134.718,26	267.494,38	1.977.809,99	
9	402.212,64	118.668,60	283.544,04	1.694.265,95	
10	402.212,64	101.655,96	300.556,68	1.393.709,27	
11	402.212,64	83.622,56	318.590,08	1.075.119,19	
12	402.212,64	64.507,15	337.705,49	737.413,70	
13	402.212,64	44.244,82	357.967,82	379.445,88	
14	402.212,64	22.766,75	379.445,88	0,00	

Operacións de renting sobre os aparellos técnicos deportivos e quipos informáticos:

RENTING APARELLOS

	Comisión apertura	0,50%	3.500,0		
				Plazo años	7
	Interés anual	9,00%			
TOTAL	1.043.125,21	293.125,21	750.000,00		
Nº Cuotas	Cuota Anual	Interese Anual	Amortizac.	Capital	
	149.017,89	0,09		750.000,00	
1	149.017,89	67.500,00	81.517,89	668.482,11	
2	149.017,89	60.163,39	88.854,50	579.627,61	
3	149.017,89	52.166,49	96.851,40	482.776,21	

4	149.017,89	43.449,86	105.568,03	377.208,18
5	149.017,89	33.948,74	115.069,15	262.139,03
6	149.017,89	23.592,51	125.425,37	136.713,66
7	149.017,89	12.304,23	136.713,66	0,00

RENTING EQUIPOS INFORMÁTICO

Comisión apertura	0,50%	75,0	
			Plazo años 5
Interés anual	9,00%		

TOTAL	19.281,93	4.281,93	15.000,00
--------------	------------------	-----------------	------------------

Nº Cuotas	Cuota Anual	Interese Anual	Amortizac.	Capital
	3.856,39	0,09		15.000,00
1	3.856,39	1.350,00	2.506,39	12.493,61
2	3.856,39	1.124,43	2.731,96	9.761,65
3	3.856,39	878,55	2.977,84	6.783,81
4	3.856,39	610,54	3.245,84	3.537,97
5	3.856,39	318,42	3.537,97	0,00

14(301).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O C.D. XUVENIL DE TEIS POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2012-2013. EXPTE. 12012/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.03.13, o informe de fiscalización, do 22.03.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.02.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría SuperLiga Femenina 2 na tempada deportiva 2012/2013.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, Pta3, Puerta D, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12012-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade C.D. Xuvenil de Teis CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, Plta.2, pta D, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12012-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de élite que participa na categoría C.D. Xuvenil de Teis desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2012/2013.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
 - Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
 - A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar

as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade C.D. Xuvenil de Teis na tempada deportiva 2012/2013.

V.- Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12012-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Xuvenil de Teis o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Xuvenil de Teis (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu

caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2013.

15(302).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SÁRDOMA C.F. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 12011/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.13, o informe de fiscalización, do 22.03.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.03.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Sárdoma C.F. para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Segunda División Nacional na tempada deportiva 2012/2013.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade Sárdoma C.F. co CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño Feira S/N en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12011/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.19 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SÁRDOMA C.F. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don José Manuel Rodríguez López como presidente da entidade Sárdoma C.F. CIF nº G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño Feira S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12011-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Sárdoma C.F. conta cun equipo de elite que participa na categoría Segunda División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Sárdoma C.F. desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2012/2013.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
 - Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
 - A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.19 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva Sárdoma C.F.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Sárdoma C.F. na tempada deportiva 2012/2013.

V.- Que a entidade Sárdoma C.F. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12011-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Sárdoma C.F. o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Sárdoma C.F. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Sárdoma C.F. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Sárdoma C.F. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Sárdoma C.F. unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.19 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2013.

16(303).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY O DÍA 14.04.13. EXPTE. 11996/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 22.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación de atletismo escolar Xóvenes Atletas a organizar o vindeiro domingo 14 de abril de 2013, o CROSS ESCOLAR COLEXIO MONTERREY dito Cross comenará ás 10.00 horas e rematará ás 13.30 horas, percorrendo os arredores do colexio -zona de Montecelo Alto- en dita carreira haberá unha participación de 300 nenos.

17(304).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A I CARRERA SOLIDARIA ENTRECULTURAS O DÍA 28.04.13. EXPTE. 11937/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 28.03.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a José Maria Diaz Alonso, en representación da Fundación Entreculturas, a organizar o vindeiro domingo 28 de abril de 2013, a I CARRERA SOLIDARIA ENTRECULTURAS, esta carreira comenará ás 10.30h e reamatará ás 13.15h aproximadamente, o percorrido será de 8 Km, con saída de Concepción Areal, o carón do Edif. Xunta, Montero Rios, García Olloqui, Plaza de Compostela, Areal, rúa Pontevedra, Rosalia de Castro hasta rotonda con Garcia Barbón, Serafín Aven-daño, Areal sentido prais, ata Concepción Areal, Montero Rios. García Olloqui, Pza de Compostela, Concepción Areal.

18(305).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A I RAID CUMIOS DO MAUXO O DÍA 13.04.13. EXPTE. 12038/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.03.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Manuel Beloso García en representación do Club de Montañeiros de Pontevedra, a organizar o vindeiro 13 de abril de 2013, a I RAID CUMIOS DO MAUXO, esta carreira comenará ás 10.30h e reamatará ás 16.30h e se desenvolverá de forma continuada nos Montes de Coruxo.

19(306).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE POSTOS A CONTRATAR APROBADOS NO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRENDEDORES DENTRO DO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO DE 2012. EXPTE. 9110/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento local e Emprego, do 20.09.12, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O pasado día 26 de outubro de 2012 aprobouse pola Xunta de Goberno Local un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Gallega de Emprendedores (AGAEMP) e asinouse o citado convenio de colaboración o pasado día 3 de decembro de 2012.

Neste convenio contemplábanse entre outras cousas:

- *Complementar as actuacións da concellería de Emprego no fomento do emprego.*
- *Crear vínculos coas empresas para acadar a súa implicación na creación de emprego e na inserción laboral.*

- Contribuir a inserción laboral dos colectivos con especiais dificultades de inserción e moi especialmente ás mulleres e maiores de 45 anos.
- Garantir a adecuación das persoas insertadas laboralmente ás necesidades da empresa, impartindo a formación precisa para o traballo a desenvolver.

A Asociación Gallega de Emprendedores (AGAEMP), ten entre os seus fins, o fomento da creación de emprego, a coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo en xeral e en concreto coas existentes no sector empresarial e social e cara a dinamización da asociación como potencial entidade de creación e fomento do emprego no seu entorno, establece as canles de cooperación necesarias coa Asociación Gallega de Emprendedores (AGAEMP) para subvencionar os gastos derivados da contratación do persoal necesario para realizar a programación, organización e execución das actividades a desenvolver, entre elas, actividades e proxectos concretos de promover ó acceso ao mercado de traballo das persoas con especiais dificultades de inserción, preferentemente de mulleres e maiores de 45 anos, empadroadas en Vigo. Accións encamiñadas a inserción social e laboral, mediante a información, o asesoramente e a formación, así como a intermediación entre as empresas e os/as demandantes de emprego de Vigo.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o citado convenio de colaboración no que se contemplaba a contratación de dous/ dúas técnicos/as titulados/as non docentes.

O pasado 12 de decembro de 2012 o representante de AGAEMP D. César Blanco Gómez nos traslada por escrito a variación acaecida nas contratacións por mor dunha baixa voluntaria dun dos traballadores, polo que proceden a realización dun novo proceso de selección, para a contratación doutra persoa cun pérfil similar ó da persoa inicialmente contratada. Unha vez realizadas as entrevistas éelles imposible casar as ofertas coa demanda de AGAEMP polo que ningún dos aspirantes entrevistado cumpre co esperado, ante este contratempo nos solicitan autorización para modificar un dos perfís profesionais, e a posibilidade de ampliar a contratación a dúas persoas en lugar de unha, correndo a Asociación Galega de Emprendedores coa diferenza dos costes salariais que se deriven destas novas contratacións, entre o concedido dentro deste convenio e o montante que resulte finalmente das contratacións, non variando nin no fin último do convenio, nin no importe concedido para a realización do mesmo.

O montante concedido a AGAEMP, e sendo ó unico importe que se lle vai a subvencionar é por 24.343,80 €, (22.543,80 € son custes salariais e 1.800,00 € son para gastos de xestión e funcionamento). Una vez recibidos os cálculos realizados por AGAEMP o montante total das contratacións contemplando tódolos cambios resulta por unha contía de 24.636,45 €, (só custes salariais) polo que AGAEMP terá que asumir un montante de **2.092,65 €** contando que mentres que si estas contratacións se realizasen por parte do Concello de Vigo serían por un importe de **45.151,04 €**.

Existe tamén un informe do director de AGAEMP onde se especifica que tódos estes cambios non afectan o fin último do convenio.

Coste según AGAEMP

PERSONAL	COSTE TOTAL
Alba López Picos	3.722,14 €
José Antonio Álvarez Pérez	12.338,38 €

Enrique Suárez Pérez	4.453,05 €
Jennifer Ilse Ratz González	4.122,88 €
TOTAL	24.636,45 €

Costes municipais polas contratacións

Cant.	Posto	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg. Social	Seg. Social mes	Custes mesn-suais	Polo tempo do contrato	
2	Aux. Administrativo	1.536,15 €	128,01 €	32,10	534,20 €	2.070,35 €	16.562,80 €	4 meses
1	TECNICO/A MEDIO	2.651,48 €	220,96 €	32,10	922,05 €	3.573,53 €	21.441,18 €	6 meses
1	TECNICO/A MEDIO	2.651,48 €	220,96 €	32,10	922,05 €	3.573,53 €	7.147,06 €	2 meses
							45.151,04 €	

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local aceptar o seguinte acordo:

Aceptar a modificación proposta por AGAEMP do posto a contratar para substituír a persoa que causou baixa, pasando dunha técnica titulada non docente a dous auxiliares, correndo a asociación coa diferenza dos custes salariais entre o aprobado no convenio inicialmente e o importe final real das novas contratacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(307).- VALIDACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA OBRA “MODIFICACIÓN DE OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO ENTRONQUE ENTRE A RÚA TOMÁS ALONSO E A RÚA LÓPEZ MORA”. EXPTE. 2302/443.

Examinadas as actuacións, visto o informe de fiscalización do 22.03.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 15.03.13, conformado polo concelleiro Delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as actuacións levadas a cabo na obra Modificación da obra de “Mellora da rede de saneamento no entronque entre a Rúa Tomás Alonso e Rúa López Mora”, segundo o seguinte informe dos enxeñeiros da oficina de supervisión de proxectos de data 5 de febreiro de 2013:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE OBRA DA “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO ENTRONQUE ENTRE A RÚA TOMÁS ALONSO E A RÚA LÓPEZ MORA ” Expediente 2127/443.

INFORME:

En data 31 de xaneiro de 2011, recepciónase as obras recollidas no proxecto MODIFICADO Nº 1. INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ-PINTOR. Unha vez terminadas as citadas

obras, recíbense no rexistro do Concello de Vigo, numerosas queixas dos veciños dos inmobles cercanos ao cruce da rúa López Mora coa rúa Tomás Alonso, comunicando diversas inundacións nos sótanos dos edificios e provocando danos materiais.

Estas obras melloraron o saneamento da citada rúa, aumentándose a capacidade hidráulica de desagüe da mesma, pero concentran con maior rapidez o caudal no entronque co saneamento existente na rúa Tomás Alonso. Esta situación, xunto a escasa pendente lonxitudinal da rúa López Mora no seu encontro coa rúa Tomás Alonso e o brusco cambio de dirección implican unha serie de turbulencias de modo que o desagüe do colector existente se fai insuficiente.

En data 13 de decembro de 2011, o Concelleiro de Área de Fomento emite unha orden de servizo, na que resolve, se proceda por parte da Área de Fomento a encargar a redacción dun proxecto para a solución do problema da rede de saneamento no entronque entre as rúas Tomás Alonso e a Rúa López Mora, considerado de urxencia e execución inaprazable, con cargo ao plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos, acordada na Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011.

En abril de 2012, a enxeñería GALAICONTROL, presenta o proxecto de "MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO ENTRONQUE ENTRE A RÚA TOMÁS ALONSO E A RÚA LÓPEZ MORA", redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación de NOVENTA E OITO MIL CENTO VINTE E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (98.129,57 EUROS).

O ámbito de actuación das obras recollidas no documento, comprende o encontro de dúas rúas urbanizadas recentemente, nas que foi renovado o saneamento das mesmas, quedando pendente resolver o entronque entre ambas.

O ovoide existente que une ambas redes resulta insuficiente, unha vez que a mellora do saneamento da rúa López Mora aumenta a capacidade hidráulica de desagüe da mesma.

A actuación proposta comprende a execución in situ de dúas arquetas de grandes dimensións 6,50x3,00x4,16 m. na rúa López Mora e 5,00x3,00x4,85 m, na rúa Tomás Alonso, con formigón armado HA-25 e aceiro B-500-S e instalación da canalización proxectada para o aliviadoiro. A actuación inclúe a reposición dos firmes existentes e a xardinería do talude.

Con data 11 de maio de 2012, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aproba o proxecto para as obras de "Mellora da Rede de Saneamento no entronque entre a rúa Tomás Alonso e López Mora", e autoriza a empresa Aqualia, para a realización das obras descritas no documento.

En Outubro de 2012 comezan as obras. Durante a execución destas, detectanse diversos problemas que complican técnica e economicamente a solución recollida no proxecto aprobado. Tanto a aparición de roca na fase de exavación como a presenza de diversos servizos soterrados no ámbito de execución das arquetas, impiden a execución da proposta recollida en proxecto co orzamento previsto. Así, a execución da solución prevista en proxecto suporía un sobrecooste notable.

Debido a estas circunstancias, durante a fase de obra, plantexase a modificación da solución de proxecto, de modo que se minimize na medida do posible o incremento económico da actuación sen reducir a capacidade hidráulica do entronque proxectado. Así, executanse in situ dous pozos de formigón armado, HA-25, de conexión coas redes existentes e canalización en aceiro galvanizado, necesaria para o aliviadoiro entre redes. Esta solución, en fase de execución actualmente, quedou pendente de rematar a espera de coñecer o funcionamento real da nova fisonomía de entronque proposta, e comprobar se é necesario a execución de novos aliviadoiros.

Como nas últimas datas, o longo do mes de Decembro de 2012 e Xaneiro de 2013, houbo incidencias pluviométricas importantes, que en casos anteriores daban lugar a anegación de

sótanos e patios interiores da rúa López Mora, e na actualidade non se recolleu ningunha incidencia nin denuncia reseñable no entorno, estase en disposición de proceder o remate das actuacións previstas e a reposición da tapa superficial do ámbito de actuación, para o cal se presenta o proxecto de "MELLORA DO DESAUGUE DO OVOIDE DE LÓPEZ MORA NO ENTRONQUE DE PENICHE, redactado pola Enxeñeira, DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación de CENTO CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (146.838,60 €) IVE NON ENGADIDO, que recolle a actuación que se levou a cabo no entronque, así como a reposición pendente dos elementos superficiais para devolver a intersección de rúas o seu estado de pavimentación anterior as obras.

21(308).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO "PUNTO INFORMA" E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA PARA MULLERES DURANTE O ANO 2013. EXPTE. 5858/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 14.03.13, o informe de fiscalización, do 26.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira de Igualdade e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación de Mulleres Dorna" e o Concello de Vigo para o mantemento do "Punto Informa" e a realización dun taller de creatividade literaria durante o ano 2013.

2º.- Autorizar o gasto de 17.100,00€ (dezasete mil cen euros) con cargo á partida presupostaria "Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do "Punto Informa" e a realización dun taller de creatividade literaria, con cargo á partida 2311 4890002 do orzamento vixente da concellería de Igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí, e os anexos obrantes no expediente:

" Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil trece

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 5858-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu contorno.
- Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz, calidade de vida, etc.

A Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

Neste ano 2013, a asociación de mulleres Dorna presenta ademais o proxecto de “Taller de creatividade Cocinando palabras” que ten como finalidade fomentar a creatividade, potenciar a capacidade de imaxinar con distintos recursos creativos, a pintura, o cine, a música e a literatura, incentivar a autoestima, e o intercambio dinámico do grupo de mulleres participantes.

II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.100,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2013.

V.- Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 5858-224. Anexo IV. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do "Punto Informa" do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar un taller de creatividade literaria para mulleres, no que participarán un mínimo de quince alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo III.

4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos".

5.- *Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

6.- *Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

7.- *Presentar ante á concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola concellería de Igualdade.*

8.- *A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

9.- *As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- *Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.*

2º.- *Incluír este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunde mediante campañas de publicidade.*

3º.- *Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 17.100,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.500,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 5.800,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 5.800,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto por importe de 11.300,00€, resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna*
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna*
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

Noveno.- Antes do 10 de decembro de 2013, a beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a

subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos

gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida..

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2013. Anexo V.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será

comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2013.

22(309).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” E O CONCELLO DE VIGO PARA O APOIO AO MANTENIMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2013. EXPTE. 5856/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 14.03.13, o informe de fiscalización, do 26.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 11.03.13, conformado pola concelleira de Igualdade e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2013.

2º.- Autorizar o gasto de 15.300,00€ (quinze mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras*” 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí, e os anexos obrantes no expediente:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil trece

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 5856 -224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos,

constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propondo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

II.- Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2013.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4814-224. Anexo III. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tra-

tos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2013, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtn en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.300,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 5.300,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

Actuará como secretario/a da comisión un/ha dos/as vogais designado/a por ésa.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

Noveno.- Antes do 10 de decembro de 2013, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración

das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírará tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2013. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013.

Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concillería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente

cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2013.”

23(310).- PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL “AS CONCAS FLUVIAIS DA SERRA DO GALIÑEIRO” DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL CAMIÑO A CAMIÑO. EXPTE. 9304/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.03.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 15.03.13, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de sensibilización e educación medio ambiental: “as concas fluviais da serra do Galiñeiro” dentro do programa Camiño a Camiño 2013, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 15 de marzo de 2013, (que de seguido se transcribe, así como o anexo obrante no expediente) catro rutas medio ambientes polas concas fluviais do río Miñor e río Louro, para un total de 1.200 participantes, que se desenvolveran os días 7, 14, 21 e 28 de abril de 2013.

O orzamento total da actividade ascende a 14.342,90 euros, cuxo gasto se aplicará a partida orzamentaria 1720.227.99.08 e a súa bolsa de vinculación con minoración da partida 1720.227.99.000 e sen que a utilización da bolsa de vinculación impida o normal funcionamento do servizo.

2º.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante para as catro rutas que se desenvolverán fóra do termo municipal de Vigo que ascende a 3 euros de conformidade co establecido no proxecto da actividade.

3º.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

4º.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “AS CONCAS FLUVIAIS DA SERRA DO GALIÑEIRO”. PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO. ABRIL 2013.

1. XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROGRAMA

O artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorgar competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., na “protección do medio ambiente”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (BOP do 06/03/2013) competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos catro últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, a Concellería de Medio Ambiente desenvolverá rutas medioambientais que dean continuidade ás realizadas no primeiro trimestre do ano coa temática concas fluviais.

As concas fluviais da serra do Galiñeiro, Vigo e bisbarra, considéranse idóneas para abordar esta temática.

Data	Día semana	Horario	Actividade	Usuarios	Prezo	Persoas
7 abril	Domingo	9:00 - 15:00	Río Miñor I	300	Si Autobús discrecional	1Coo 6Mon+ 1Soc
14 abril	Domingo	9:00 - 15:00	Río Miñor II (ata esteiro da Ramallosa)	300		
21 abril	Domingo	9:00 - 15:00	Río Louro I	300		
28 abril	Domingo	9:00 - 15:00	Río Louro II (ata desembocadura no río Miño)	300		

2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN

As actividades medioambientais de Vigo e Bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao medio.

Durante o mes de abril de 2013 preténdese realizar un ciclo de percorridos medioambientais que aborde as dúas concas fluviais xeradas a partir da Serra do Galiñeiro.

Nestes percorridos, aparte de coñecer os hábitats polos que circulan os regos e ríos procedentes da Serra do Galiñeiro, abordaranse os contidos relacionados co ciclo da auga e accións de sensibilización cidadá sobre boas prácticas no uso da auga.

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades. O número previsto está en 300 persoas.

Para organización e execución da actividade prevese dispor de 1 coordinador e 6 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre. Adicionalmente, haberá un socorrista.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar autobús discrecional na medida en que todas as actividades se desenvolven fóra do termo municipal.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade, da asunción dos custes desta, sen prexuízo da cofinanciación que se estableza dos participantes.

3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO

O orzamento da actividade determinase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en domingo.

Ademáis das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

A coordinación previa estimase que require unha adicación para as nove rutas dunhas 30 horas adicionais.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
Organización e monitorado (4 percorridos x 1.872,50 €/ruta)	7.490,00	21%	1.572,90	9.062,90
Transporte en autobús discrecional (4 percorridos x 6 autobuses x 200 €/autobus)	4.800,00	10%	480,00	5.280,00
CUSTE TOTAL	12.290		2.052,90	14.342,90

A organización municipal da actividade de sensibilización e educación ambiental, non impide a súa financiación de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes ao tratarse de rutas que se desenvolven fora do termo municipal o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación mais activa no desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fora do termo municipal.

Neste sentido, o financiamento conxuntamente coa achega dos participantes de tres euros o que represente aproximadamente o custe do transporte e o resto por conta do Concello, considerase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rentas medias nas que sitúan habitualmente os participantes.

4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRIPCIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na Lista de agarda os venres ata as 14 horas, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.

- *Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.*
- *Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas da mesma semana da actividade.*
- *Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.*
- *Opcionais: e-mail.*
- *Cada persoa só poderá inscribir a un total de 5 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.*
- *A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010.*
- *No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.*
- *As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.*

Achega:

A achega económica dos participantes será previa á realización da actividade, e ingresarase na Tesourería municipal.

5. PUBLICIDADE

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o participante.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

O participante poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

24(311).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL, OUTUBRO 2012-FEBREIRO 2013. EXPTE. 23966/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 20.03.13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 4.711,26 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D.^a M^a Francisca Arlandis Marra e que remata en D. Luis Felipe Comesaña Arribas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
	O.S.P.I.O.	Arlandis Marra, M ^a Francisca	34.971.096-X	79925	Outubro-Decembro 2012	338,77 €
9550-77	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Xaneiro-Febrero 2013	139,72 €
9552,9586-77		Esteban Aguirre, Beatriz	35.255.476-H	80961	Xaneiro-Febrero 2013	118,36 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Febreiro 2013	383,80 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Febreiro 2013	304,00 €
84980-210	Mobili. Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Febreiro 2013	166,44 €
84981-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Febreiro 2013	175,37 €
84982-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Febreiro 2013	161,50 €
84983-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Febreiro 2013	171,95 €
26865/26871-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xaneiro 2012	140,98 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xaneiro 2012	165,68 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xaneiro 2012	166,25 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Xaneiro 2012	140,60 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xaneiro 2012	178,41 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	26866	Xaneiro 2012	152,95 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Febreiro 2013	93,29 €
6943,6963-446	Montes, Parques e Xardíns	Argibay Barciela, Gonzalo	36.035.612-V	11765	Xaneiro-Febrero 2013	453,91 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Febreiro 2013	4,18 €
		Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Febreiro 2013	25,08 €
		Faro Chamadoira, Ángeles	36.033.947-P	15071	Febreiro 2013	6,84 €
81370-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Xaneiro-Febrero 2013	23,19 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Febreiro 2013	126,54 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Febreiro 2013	72,01 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Febreiro 2013	71,06 €
13153,13164-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Out.-Dec.2012, Feb.2013	618,45 €
19618/19620-240	Patrimonio e Contratación	Comesaña Arribas, Luis Felipe	00.139.795-R	11239	Out.-Dec. 2012	311,93 €
TOTAL						4.711,26 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	338,77 €

2410	Participación Cidadá e Emprego	258,08 €
9220	Conserxería	687,80 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	675,26 €
9310	Inspección de Tributos	944,87 €
1640	Cemiterios	93,29 €
1710	Montes, Parques e Xardíns	453,91 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	36,10 €
2310	Benestar Social	23,19 €
3210	Educación	269,61 €
3134	Sanidade	618,45 €
9220	Patrimonio e Contratación	311,93 €
	TOTAL	4.711,26 €

25(312).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.974,67 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL E REFACTURACIÓN DE GASTOS, NOVIEMBRE 2012. EXPTE. 85078/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 11.03.13, conformado polo xefe de Área e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de novembro de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, por un importe total de 24.974,67 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización.

26(313).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 28.233,92 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL E REFACTURACIÓN DE GASTOS, DECEMBRO 2012. EXPTE. 85084/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 11.03.13, conformado polo xefe de Área e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de decembro de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no

subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, por un importe total de 28.233,92 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización.

27(314).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 67954/250.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.03.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 16/05/2012 autorizouse a BT España, S.A.U. á realización dunha canalización para instalación de telecomunicacións na rúa Urzáiz, nº118.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 54,60 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 10/12/2012 solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data, 18/03/2013, o enxeñeiro técnico industrial de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de canalización de telecomunicacións xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 54,60 € (cincuenta e catro euros con sesenta céntimos) a favor de BT España, S.A.U.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(315).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA LEPANTO CONFLUENCIA CON URZÁIZ. EXPTE. 67955/250.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.03.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data, 23/05/2012, autorizouse a B.T. España, S.A.U. á realización dunha canalización para instalación de telecomunicacións na confluencia da rúa Lepanto con Urzáiz.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 72,15 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 10/12/2012 solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data, 18/03/2013, o enxeñeiro técnico de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de canalización de telecomunicacións xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 72,15 € (setenta e dous con quince euros) a favor de B.T. España, S.A.U.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(316).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos v. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.